

ALTRI. Nova mobilización o domingo 15 de decembro en Compostela ▶ 18

MINAS. Denuncian por presunta prevaricación a directores da Xunta sobre a mina de Muras ▶ 15

PLANTÁMONOS. Allariz (Ourense) acolleu este segundo encontro anual do movemento estatal a prol da Soberanía Alimentaria ▶ 28 - 29

LÍDIA SENRA. Labrega de horta ecolóxica en Vedra. Secretaria Xeral do SLG de 1989 a 2007, Secretaria de Organización de 2007 a 2014, precursora da creación da Secretaría das Mulleres SLG ▶ 20 - 21



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano MMXXIV - N° 349 - Setembro - Outubro 2024



Rematou a vendima e centos de persoas ás que non lles recolleron ou malvenderon a uva seguen abandonadas pola Xunta de Galicia ▶ 3 - 7



sindicato
labrego galego
comisións labregas

As perdas das granxas galegas por mor dos estragos da borrasca Kirk nos cultivos forraxeiros xa alcanzan os 69M de euros. Máis información na páxina ▶ 14

E NON SÓ É A CHUVIA E MAIS O VENTO

Escola Feminista Vía Campesina ▶ 22 -23

O Sindicato Labrego foi a organización anfitroia na Galiza da Escola Feminista da Coordinadora Europea Vía Campesina e da rexión árabe e norteafricana, un encontro global de mulleres labregas que tivo lugar en Vilarmador dende o 27 de setembro até o pasado día 2 de outubro

Incorporacións novas agricultoras ▶ 19

O máis que probábel atraso nas incorporacións provoca inseguridade nas novas persoas agricultoras, afecta a xestións esenciais como o financiamento do proxecto, a adquisición de maquinaria ou os proxectos e licenzas de obra

séguenos en

www.sindicatolabrego.gal

e tamén en

[facebook](#)



Para ir á festa hai que acabar os deberes

Se hai algo que caracteriza a nova titular da Consellería do Medio Rural é a súa presenza en todo tipo de festas, feiras e inauguracións. Esta axenda maioritariamente festeira contrasta coa cantidade de deberes sen facer que vai acumulando o actual equipo da Consellería do Medio Rural.

Por poñer algúns exemplos: a xestión das axudas das persoas mozas que se incorporan e os planos de incorporación acumulan tal atraso que mesmo está en perigo a convocatoria do vindeiro ano, das modificacións que debe publicar a Consellería para poder botar o purín co prato invertido ou da flexibilización que pode aplicar o goberno galego en temas como o Decreto de nutrientes e outras normativas novas non se sabe nada, a folla de rota que lles prometeu ás viticultoras e viticultores de Ribeira Sacra de cara a salvar a vendima deste ano chega tarde, coas uvas ou podres nas vides ou case agasalladas, dos traballos no observatorio galego do mercado do leite non se sabe nada, e así poderíamos seguir enumerando nos distintos sectores e temas.

A conselleira que defende baixos prezos para o leite

Sendo ben certo que hai diferentes aspectos nos que dende o Sindicato Labrego Galego non estivemos de acordo con conselleiros de Consellerías anteriores, nunca nos encontramos cunha conselleira como a actual que nunha visita a unha empresa láctea, neste caso a Leite Río, manifestase que non era bo que os prezos do leite nas granxas subisen moito. Cando a señora María José Gómez fixo estas declaracións o prezo pagado por esta empresa andaba nos 39 cts

por litro. O prezo medio europeo neste mes era de 47,4 cts litro e o prezo medio do estado 45,9 cts.

A seguinte proposta que ao mellor temos que facer é que dividan en dúas a Consellería: Consellería de Festas e Feiras e Consellería do Medio Rural. A ver se así temos alguén que estea á fronte dos temas que nos preocupan

Polémica co Ligal

Nos meses de verán saía na prensa unha polémica que tiña que ver coas penalizacións nos prezos debido a análises nas que dera baixo o parámetro do punto crioscópico. O Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite está sometido periodicamente a mecanismos de control acreditados pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) para garantir a rigorosidade e fiabilidade dos resultados.

As industrias na actualidade están aplicando penalizacións no prezo por variacións estacionais normais, así como unha total discrecionalidade aplicando cada industria os descontos que considera. A Administración ten o deber de acabar con esta discrecionalidade, así como con penalizacións inxustas, posto que se aplican a variacións relacionadas con cambios normais polo tipo de pasto, temperatura... No medio da polémica a Consellería unha vez máis quixo poñerse de perfil como se o problema estivese no procedemento analítico e non nas penalizacións que son da súa competencia.

Voto eurodeputados do PP a favor de importacións con fitosanitarios prohibidos

Os eurodeputados do partido popular votaron en contra de prohibir a importación de produtos tratados con tres praguicidas prohibidos na Union Europea por motivos de saúde. Estes produtos son o carbendazim, o tiofanatometilo e o ciproconazol, prohibidos por motivos como ser mutaxénicos, tóxicos para a reprodución ou disruptores endocrinos. Afortunadamente, a maioría parlamentaria europea opúxose a entrada de produtos nos que se empregaran estes praguicidas. Os eurodeputados do PP do estado, ao contrario do que votaron os seus colegas de partido europeo, tentaron unha autorización que permitise a presenza de residuos destas materias nos produtos importados.

Cando estamos a pechar a actual edición do Fouce, seguimos sen saber como van quedar obrigas como a vacinación da lingua azul tendo en conta o novo serotipo que circula por Europa, a obriga do veterinario de granxa, de plan sanitario integral, do plan de fertilización que entra en vigor no 2025, as esixencias do Decreto de ordenación de bovinos, se van axudar as granxas con graves danos dos temporais, cando e como van chegar as axudas pola enfermidade hemorráxica, as aprobacións das axudas de incorporación e os planos de mellora... Acabadas as festas do San Froilan, a conselleira fiel ao seu estilo segue na feira "L de Lugo", na Feira do Mel de Baleira... A seguinte proposta que ao mellor temos que facer é que dividan en dúas a Consellería: Consellería de Festas e Feiras e Consellería do Medio Rural. A ver se así temos alguén que estea á fronte dos temas que nos preocupan.

Tódolos contidos deste periódico publicanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL
COORDINACIÓN
Noelia Gómez Calvo
Vera Cruz Montoto Vázquez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, Ana Rodríguez Vázquez, Diego Sánchez Agra, Brais Álvarez, Manolo Villaverde
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Noelia Gómez Calvo

COLABORACIÓN
Xosé Manuel Parente, Antonio Míguez Amil, Lidia Senra, Brais Álvarez, Borja Campos Fernández

PECHE DE EDICIÓN 28-10-2024

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.gal
www.sindicatolabrego.gal

ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177

AS PONTES 8 de Marzo, s/n - 15320. ☎ 669 651 700

BERGANTIÑOS Bar Arboleda. Coristanco. ☎ 981 682 908

BETANZOS Cruz Verde 7, baixo - 6. ☎ 981 773 377

COMPOSTELA Ofelia Nieto 13-23, Compostela. ☎ 981 588 532

MELIDE Rúa do Convento s/n. Contactar co ☎ 686 936 429

MOECHE Oficinas do Campo da Feira. ☎ 669 651 700

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Compostela. ☎ 981 554 147

MUXÍA Sendón. ☎ 981 588 532

ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908

PONTE DA PEDRA Casa Capellán. ☎ 669 651 700

SANTA COMBA Rúa Miraflores, 0, Casa da Cultura.

☎ 981 588 532

TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781

VAL XESTOSO Casabella. ☎ 669 651 700

AS NOGAIS Casa do Concello. ☎ 604 027 886

A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 604 027 886

CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804

LEMONS Local da CIG. Monforte. ☎ 982 440 804

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376

LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154

MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714

RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira.

☎ 982 512 431

MONTEDERRAMO Casa do Concello. ☎ 630 970 131

RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230

XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547

A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232

CRECENTE Centro Cultural San Paio. Albeos. ☎ 669 808 418

LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268

O ROSAL Ramón Franco, 13. Edf. Rosales. ☎ 986 625 394

O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia).

☎ 648 263 009

PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6

☎ 986 641 508

RIBEIRA SACRA ▶ Xosé Manuel Parente, coordinador do sector do viño no Sindicato Labrego Galego, analiza con detalle a problemática da viticultura na Ribeira Sacra

A Ribeira Sacra esmorece: incompetencia ou mala fé?


A Ribeira Sacra está vivindo unha situación dramática. Está en perigo a supervivencia de centos de viticultores e viticultoras que ven como os seus proxectos de vida, as súas granxas a súa vida no rural, nos pobos e aldeas dunha paraxe tan fermosa como a Ribeira Sacra, está tocando fin.

A principio do mes de agosto, todo estaba controlado, non había problema segundo a Consellería do Medio Rural, pero a realidade era ben distinta. Segundo ían pasando os días, a incerteza de que ía a pasar coa vendima e a recollida das uvas, ía en aumento. Así, a xente empezou a recibir comunicacións por parte dalgunha adegas que esta campaña non ían recoller a uva, alegando que tiñan os depósitos cheos, que todo viña da caída nas vendas como consecuencia dos anos de pandemia -por certo, no mes de agosto segundo a CMR, estaba todo controlado, acordádesvos?-.

Entón comeza o baile. A xente empeza a impacientarse, a ver como transcorrían os días e se aproximaba a vendima, pero cada día que pasaba o temor e a incerteza apoderábase dos ánimos da xente, pois a situación non estaba tan controlada e tornábase negra, moi negra. Ante esta incerteza, a xente comezou a mobilizarse, neste caso en Monforte, diante da sede do Consello Regulador, e iniciábase un proceso mobilizador, acordando alí mesmo manifestarse diante da Xunta de Galicia en Lugo, ante a inoperancia total da Consellería do Medio Rural que, a golpe de invencións, sacaba medidas que nada ían solucionarlle aos viticultores e ás viticultoras.

Incompetencia?

A Consellería do Medio Rural, molesta coas protestas e a mobilización da xente, fixo unha manobra: convocou Mesa de Traballo para abordar a situación, e entón sucede o que algúns estaban desexando: Unións Agrarias desmárcase das mobilizacións argumentando que se convocara dita Mesa, namentres o Sindicato Labrego Galego, e os viticultores e as viticultoras da Ribeira Sacra, deciden continuar coas



“Medio Rural desconvoca a xuntanza prevista e convoca unha de urxencia, unicamente con Unións Agrarias, deixando fóra da mesma ao Sindicato Labrego Galego. Por que? Unicamente por represalia, por estar na rúa mobilizándose cos viticultores e coas viticultoras”

mobilizacións e negociar nesa Mesa posibles medidas que puideran compensar as perdas e o traballo dunha colleita que ía quedar colgada nas cepas.

A situación dá un xiro. Medio Rural desconvoca a xuntanza prevista e convoca unha de urxencia, unicamente con Unións Agrarias, deixando fóra da mesma ao Sindicato Labrego Galego. Por que? Unicamente por represalia (como nos vellos tempos que algúns e algunhas botan de menos), por estar na rúa mobilizándose cos viticultores e coas viticultoras. Por certo, un dereito, o de mobilizarse, recoñecido na Constitución Española que tantas e tantos políticos teñen na boca todos os días, pero só para que a cumpran as demais.

Mala fe?

Anuncian todos os días nos medios de comunicación da Xunta de Galicia (TVG), que a Xunta e Unións Agrarias están deseñando unha folla de ruta para a Ribeira Sacra.

Levan gastado tantas follas que xa se acabou o caderno, e medidas enriba da mesa

nada de nada: a xente malvendendo as uvas, tirándoas, deixándoas colgadas, e vendo como outra vez máis, as volveron deixar esmorecer, esperando que por inanición se solucione o problema; niso teñen bos mestres na organización (PP). Xa dicía Mariano Rajoy: “A veces la mejor decisión es no tomar ninguna decisión, que también es tomar una decisión”.

Tamén é certo que estamos ante unha problemática que non é só da Ribeira Sacra, senón que tamén a nivel do Estado español e da unión europea estase nunha situación complexa cos viños tintos (véxase o caso de A Rioxa ou tamén Francia), pero mentres noutros territorios como A Rioxa se toman decisións, se poñen enriba da mesa solucións para os viticultores e as viticultoras, e se fai de xeito rápido, inmediato, sen dilación ningunha e poñendo os recursos que fagan falla para afrontar a situación, na Galiza aplican o método Rajoy e pensan que os problemas se van a solucionar por si sós.

Iso si, neste caso pode que até lles funcione, porque deixando que viticultores e viticultoras morran por inanición, en anos vindeiros este problema xa non o terán. “Unha boa política a desta Consellería”.

Xa o do Peares non seu día foi apagar no lume con zapatos castellanos e a este paso, a vindeira é ver a Rueda pegando da manguera en camisa branca, naquilo que un día foron socalcos, naquilo que foi Ribeira, e que a tantas e tantos se lle enche a boca de chamarlle “viticultura heroica”. Ao final, as dúas cousas: **INCOMPETENCIA E MALA FE.**

Diriximos cartas á conselleira, AGACAL e aos 19 concellos da DO Ribeira Sacra demandando apoios para as viticultoras e os viticultores

Rematou a vendima e centos de persoas ás que non lles recolleron ou malvenderon a uva seguen abandonadas pola Xunta

A vendima rematou e as viticultoras e os viticultores que deixaron as uvas sen vendimar, ou que malvenderon a prezos moi baixos a particulares, ou que fixeron viño por non deixar as uvas sen vendimar, non coñecen a estas alturas ningunha medida que se puxera en marcha na Denominación de Orixe Ribeira Sacra para mellorar a súa situación, máis alá dunhas escasas e tardías axudas para a destilación e unhas axudas futuras e incertas para a preservación da paisaxe que polo de agora nin sequera foron convocadas.

Unha vez máis, como vimos facendo insistentemente dende hai meses, dende o Sindicato Labrego Galego volvemos apelar ás distintas administracións e entidades con responsabilidade e/ou capacidade de actuación e xestión desta DO.

Nesta ocasión dirixímonos o 23 de outubro unha vez máis á desaparecida conselleira do Medio Rural, María José Gómez Rodríguez, para reiterar a solicitude de convocatoria por parte da Consellería dunha Mesa de Traballo na que esteamos presentes todos os actores da Denominación de Orixe, ou polo menos que fagan pública e coñezamos a suposta “folla de ruta” para a Denominación de Orixe Ribeira Sacra, da cal non nos consta existencia algunha máis alá do seu oportuno anuncio a través dos medios de comunicación nun momento no que o sector se estaba mobilizando.



Explicámoslle tamén á conselleira Gómez que, rematada a vendima na D.O. Ribeira Sacra, os datos publicados polo Consello Regulador constatan unha diminución de vendima nas uvas tintas de 1.780.408 quilogramos. Para unha Denominación pequena como esta, esta diminución supón máis dunha cuarta parte con respecto ao 2023, case un 27%.

Esta cifra supera as peores previsións, dado que este ano houbo unha boa colleita e, polo tanto, en ningún caso inferior a de anos anteriores: máis de 6 millóns de quilos nos anos 2021, 2022 e 2023. Se a isto lle sumamos que estamos vendo nas grandes superficies de dis-

tribución viños a moi baixos prezos coa contraetiqueta da Ribeira Sacra, cada vez resulta máis difícil ver un futuro para as viticultoras e os viticultores, nin para a Denominación de Orixe no seu conxunto.

Estas mesmas consideracións foron trasladadas igualmente por carta á Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL), dependente da Consellería.

Concellos da DO

Así mesmo, dirixímonos aos 19 concellos da DO (A Peroxa, A Teixeira, Carballedo, Castro Caldelas, Chantada, Manzaneda, Monforte, Nogueira de Ramuín, O Saviñao, Pantón, Parada de

Sil, Paradela, A Pobra de Brollón, A Pobra de Trives, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, Sober e Taboada), para pedir aos seus alcaldes e alcaldesas que insistan na necesidade de establecer medidas reais, claras e que se coñezan xa. Os anuncios que se quedan só niso, en simples anuncios, o único que provocan é un maior desánimo das persoas afectadas.

A vendima do ano que vén empézase a finais deste ano polo que, se a Xunta de Galicia segue sen tomar ningunha medida, van quedar cepas sen podar. As viticultoras e os viticultores son perfectamente conscientes de que, no caso de que a uva se recolla para o ano, os prezos moi baixos deste ano van marcar a tendencia do ano que vén. Tamén saben que as adegas van recoller cantidades semellantes ás deste ano, polo que a igual produción no 2025, o problema vai ser exactamente o mesmo.

Dende a nosa organización, Sindicato Labrego Galego, cuestionámonos por que, malia terse alertado desta situación dende moito antes do inicio da vendima, a Consellería do Medio Rural estivo ignorando durante meses esta situación, e só baixo a presión das mobilizacións saíu anunciando medidas -sen que ningunha chegara ás persoas produtoras-.

É moi rechamante que na Rioxa a súa homóloga solucionase o problema de excedentes adoptando un marco legal para aprobar axudas de minimis, é dicir, que hai unha posibilidade clara e eficaz para apoiar ás persoas produtoras dende a Administración pública, entón por que a conselleira María José Gómez nunca quere falar deste tema?



O Sindicato Labrego Galego convocou unha concentración o pasado 29 de setembro diante do Hotel Pazo de Sober onde o Presidente da Xunta estaba de retiro.

Cronoloxía das demandas do SLG ante a situación da recollida da uva na Ribeira Sacra

- 1.- O día **27/04/2024** solicitamos entrevista co Consello Regulador da Denominación de Orixe para ver a situación.
- 2.- Acudiron a esa reunión Isabel Vilalba (Secretaria Xeral) e Xosé Manuel Parente (responsábel do sector do viño) o día **07/05/2024**.
- 3.- O día **02/05/2024**, e despois de falar telefonicamente coa secretaria da conselleira, envíase de novo correo para tratar o asunto dos excedentes.
- 4.- O día **23/05/2024** envíase correo ao Consello Regulador comentando que todas as organizacións tiñamos pedidas entrevistas coa conselleira para tratar este tema, que estaría ben que estiveramos todas presentes.
- 5.- O día **23/05/2024** reenvíaselle a conselleira copia co correo enviado ao Consello Regulador.
- 6.- O día **10/07/2024** envíanse correos as seguintes adegas: Rectoral de Amandi, Regina Viarium, Ponte da Boga, Adegas Moure, Adega Rubén Moure, Adegas Guímaro. Destas contestan telefonicamente adegas Guímaro e adegas Moure. Contestación ao correo electrónico por parte de Regina.
- 7.- O mesmo día **10/07/2024** reenvíase escrito á conselleira falando da situación dos excedentes da Ribeira Sacra.
- 8.- O día **02/08/2024** reenvíase o mesmo escrito a conselleira.
- 9.- O día **05/08/2024** envíase correo a conselleira e ao Consello Regulador sobre a noticia de que Rectoral de Amandi non vai recoller uva nesta campaña e tampouco para as próximas.
- 10.- O día **08/08/2024** faise reunión aberta en Chantada para falar do tema da non recollida de uva. Elabórase un documento coas propostas.
- 11.- O día **12/08/2024** hai xuntanza coa Consellería do Medio Rural en Santiago de Compostela. Con respecto a este tema, din que é un tema no que están traballando dende que entrou e que para a semana seguinte van anunciar medidas. Que a destilación de crise non se vai facer porque ao prezo

- de 1,05 “as adegas” non están interesadas. Non nos aclaran as razóns para non ter solicitado outras medidas porque insisten en que as van presentar para a seguinte semana.
- 12.- Non hai medidas na semana do 20 de agosto.
 - 13.- **19/08/2024**. Rectoral de Amandi manda comunicado en grupo de mensaxería dicindo que non recolle uva.
 - 14.- **21/08/2024**. Envíase correo electrónico a conselleira e ao Director Xeral José Balseiros, informándoos de que se confirmaba que Rectoral non ía recoller uva.
 15. **22/08/2024**. O Director Xeral contesta que o departamento competente é o AGACAL.
 16. Decídese ir a mobilización conxunta con UUAA o día **06/09/2024**.
 - 17.- **29/08/2024**. Rolda de prensa conxunta convocada en Monforte para a mobilización.
 - 18.- **02/09/2024**. Asemblea informativa en Quiroga.
 - 19.- **03/09/2024**. Asemblea informativa en Sober.
 - 20.- **06/09/2024**. Mobilización en Monforte diante do Consello Regulador.
 - 21.- **11/09/2024** Asemblea informativa en Escairón.
 - 22.- **13/09/2024**. Concentración en Lugo diante do edificio da Xunta. Preséntase escrito a conselleira por rexistro.
 - 23.- Elaboración de pancartas e colocación en Pantón.
 - 24.- Elaboración de pancartas e colocación en Chantada e no Saviñao.
 25. Presentación denuncia AICA por incumprimento nos contratos da adega Ponte da Boga.
 - 26.- Estamos estudando todos os posíbeis incumprimentos de contratos existentes e, de ser o caso, levaremos a correspondente denuncia en AICA.
 - 27.- **29/09/24**. Concentración en Sober. Retiro do presidente da Xunta e conselleiros.
 - 28.- **30/09/2024**. Reunión en Monforte de Lemos para ver como seguimos ante a problemática.
 - 29.- **23/10/2014**. Envío de carta ás alcaldesas e os alcaldes dos 19 concellos da DO Ribeira Sacra.



Dende o mes de agosto, o Sindicato Labrego Galego estivo mobilizándose e demandando solucións para a situación da uva na Ribeira Sacra. As imaxes de arriba son do pasado 13 de setembro na concentración en Lugo diante do edificio da Xunta de Galicia, onde presentamos un escrito a conselleira María José Gómez por rexistro.

A viticultura na Galiza: novos aires, vellas fórmulas

por Antonio Míguez Amil
viticultor do Ribeiro

A viticultura na Galiza sempre estivo ligada a dúas maneiras de entender o seu cultivo, por unha banda para autoconsumo e por outra como negocio. Para autoconsumo estivo sempre vencellada á alimentación da época, que ao longo de mil anos tivo no viño un elemento máis para procurar as calorías precisas para o traballo, e cando non había viño na casa, mercábase, porque era importante para dar folgos, para quecer e para a saúde, xa que formaba parte de receitas e remedios para diferentes doenzas.

No caso das zonas vitivinícolas con máis potencialidade agrónoma para asegurar producións triunfantes en termos de calidade, cantidade e continuidade, historicamente destaca a comarca do Ribeiro, a zona do Condado, Valdeorras, Monterrei e a Ribeira Sacra. De todas a máis importante sempre foi a comarca do Ribeiro, con Ribadavia como capital produtiva e Pontevedra, Vigo e Compostela como centros loxísticos de distribución e comercio, tanto para o país coma para a exportación.

“A estrutura herdada dende mediados do século XIX até hoxe en día foi de pequenos viñedos”

Ao longo de mil anos aconteceron moitas cousas, houbo un forte investimento das clases dirixentes tanto laicas como eclesiásticas galegas que dende o S. IX entenderon que a comarca de Ribadavia ou Ribeiro era unha potencia produtiva, e investiron todo o que puideron e máis en poder ter adegas, granxas e viñedo neste termo, situando a comarca do Ribeiro como un centro vitivinícola de referencia mundial dende o S. XII até primeiros do S. XX. Todo o que acontecía no Ribeiro afectáballe as cidades e vilas galegas. Aínda que pensemos que o que hoxe acontece cos grupos empresariais, fondos de investimento, e outros actores económicos que chegan a Galiza na procura do negocio do viño, é algo novo, hai que dicir que é unha fórmula vella, xa acontecera antes.

Por exemplo, no S. XIV chegaron diferentes señores de Castela e fixéronse con territorio vitivinícola na zona do Avia e do Miño



na contorna de Ribadavia e Ourense. Daquela o viño daba moitos cartos, pagábanse moitas rendas e mesmo servía para obter favores, manter a guerra e pagar acordos entre reinos.

No S. XVI chegaron moitas familias fidalgas e nobres da meseta, a meirande parte formando alianzas con familias galegas presentes no territorio. Mesmo entre os séculos XVII e XVIII houbo certos negociantes ingleses que quixeron investir, tentando abrir casas comerciais e acordos para comercializar co viño do Ribeiro, sen moita continuidade, debido a factores socio políticos e relixiosos daquela época.

E hoxe que acontece? Pois que aquelas zonas vitivinícolas históricas onde a viña era un monocultivo vencellado a moitas familias, hoxe xa non é así (no 1920 había no Ribeiro máis de 3000 familias que vivían directamente do viño, con adega e viñedos, no 2020 apenas hai 300 familias que vivan deste cultivo). A estrutura herdada dende mediados do século XIX até hoxe en día foi de pequenos viñedos, moitas familias propietarias vivindo da produción do viño, sobre todo en lugares coma o Ribeiro, R. Sacra, Valdeorras e Monterrei, e en menor medida nas Rías Baixas, onde a expansión e dedicación ao viñedo como base económica chegou a primeiros do S. XXI por medio de

grandes investimentos, un malgasto de cartos procedentes doutras actividades coa convivencia do goberno galego do momento, baseado en crear unidades de superficie máis grandes.

Nas zonas históricas e tradicionais de viño, as que se atopan nas ribeiras do Miño, Arnoia, Avia, Sil, Bibei, Támega, pouco mecanizadas, moitas en socacos e traballadas a man, foron en tempos unha potencia produtiva, e moitos viticultores sacaron adiante as familias, chegoulles para investir nas vilas e cidades galegas, producíndose ao longo do S. XX unha descapitalización de xentes e cartos en favor das cidades, o abandono da unidade produtiva tradicional e finalmente o colapso do sistema sustentado nas familias que vivían no rural.

“Que queremos entón? 100 propietarios que vivan nas nosas aldeas cunha hectárea cada un? Ou un só propietario con 200 ha que viva nunha cidade calquera?”

“O cambio climático está estragando o modelo produtivo que estaba asentado nas zonas máis secas do estado”

Que acontece hoxe? O mundo sigue en evolución, os trocos son grandes e a estrutura de terras da Galiza en xeral é aínda a herdada dende o Parroquiale Suevorum, que é moi racional e ten unha base de ordenamento territorial moi forte, por iso é tan difícil de rachar. A Xunta téntao, mediante regulamentos, leis e actuacións en connivencia coas grandes empresas.


A mensaxe é clara, hai que ser grandes, ter moita terra nas mans de poucos propietarios e competir en prezo. Erro claro, porque o mesmo mercado que predica isto tamén deixa portas abertas a pequenas producións sustentábeis, ecolóxicas, de compromiso social e que preservan a identidade e a cultura autóctona. Estas producións con maior valor engadido teñen un público que está disposto a pagar máis e tornar leal o seu consumo. Para isto chegaría con que a Xunta de Galicia se armara dunha estrutura administrativa de apoio, sólida e con principios firmes de axuda ao asentamento rural de familias que queiran traballar a terra deste xeito. Póñense trabas e trabucos ás producións pequenas, un propietario que queira recuperar 2000 m² de viña teno difícil, mais un propietario ou arrendador que queira por un monte de man común de 500 ha a viña teno fácil e por riba recibe axudas e impulso da Administración.

En resumo que queremos entón? 100 propietarios que vivan nas nosas aldeas cunha hectárea cada un? Ou un só propietario con 200 ha que viva nunha cidade calquera? Nin tanto, nin tan pouco, todo reside no equilibrio, pero na Galiza existe un desequilibrio importante cara aos grandes proxectos que ademais tensan o mercado actuando sobre a suposta produtividade mediante a mecanización e os prezos á baixa, todo para competir e quedarse coa meirande parte da bola.

Neste terreo de xogo xorden voces que queren unha pausa para pensar cara a onde imos, cal é o noso modelo como país, se nos deixamos arrastrar polo cacarexar do mercado ou facemos políticas para beneficio do pobo e do medio ambiente. O desequilibrio e falta de políticas de país que nos afecta é o que fai que calquera inversor, fondo de inversión ou magnate das finanzas chegue a Galiza e se lle poña o territorio á súa disposición. Todo o mundo ten un prezo, mais as

galegas e galegos en xeral temos un prezo moi baixo, perdemos a autoestima e rendemos *pleitesía* ao señorito de quenda.

No viñado, e en moitos sectores agrícolas, acontece ademais que o cambio climático está estragando o modelo produtivo que estaba asentado nas zonas máis secas do estado, na meseta, no sur e no levante, baseadas no rego e na man de obra barata, para producir moito e a baixo prezo. O rego por pinga no viñado da Mancha, Murcia, Extremadura, Castela, Aragón e Cataluña é unha constante, non está permitido pola U.E. máis disfrazase de “fertirrigación” e xa está.



“O desequilibrio e falta de políticas de país que nos afecta é o que fai que calquera inversor, fondo de inversión ou magnate das finanzas chegue a Galiza e se lle poña o territorio á súa disposición”

Con todo, os pozos esgótanse, as balsas avagan e a choiva non chega, daquela toca mirar ao norte, entón aparece Galiza na quiniela, ademais está de moda o viño branco, e xa sabemos que na Galiza só se aposta por monovarietais (outro erro máis, porque as modas van e veñen), por riba hai auga e ademais é un territorio que se pode mercar, só ten un pequeno atranco, a superficie de viña pertence a moitos propietarios, daquela é preciso legislar por parte da Xunta.

Entón iso tamén o consegue o gran capital, porque si non se pode actuar sobre a

propiedade privada (que si que poden, pero lévalles máis tempo, e pode afectarlles electoralmente), actuase sobre os montes de man común ou créanse grandes unidades de superficie baixo tutela da Xunta, que repartirá ao estilo dun tahúr do Mississippi.

A chegada a Galiza de grandes inversores vitivinícolas, algúns deles en conivencia con pseudo-empresas galegas, fondos de inversión e adegas doutros lares da península non debe ser vista coma “o acabouse”. Habería que ver que aportan estas empresas ao territorio e como axudan a vivir no rural ás persoas, si teñen un compromiso de recuperar viñedos antigos e revitalizar as nosas aldeas ou non, xa que a meirande parte destes inversores veñen a muxir a vaca e mamar do teto das axudas que reparte a Xunta.

Neste senso existen tamén exemplos de empresarios comprometidos, que axudan a impulsar a viticultura de calidade e a recuperación de terras, o exemplo pode ser Rafael Palacios en Valdeorras ou Pago de Carraovejas no Ribeiro, onde se prima a recuperación, rehabilitación e actuación sobre viñado histórico e a súa revalorización, axudando a posicionar eses territorios, que sofren unha constante perda de superficie cultivábel e poboación, a que tome conciencia cara a onde queremos ir e onde queremos posicionarnos.

Outra cousa é si todo debe de ser así, xa que estes inversores parten dun peto con moitos cartos e non lles doe tanto coma a un pequeno viticultor que quere por en marcha o seu proxecto. Por iso o modelo que habería que potenciar é semellante ao dos colleiteiros do Ribeiro, un modelo propio de país, no que se estableza un plan para os territorios vitivinícolas tradicionais con axudas e apoio a recuperación e preservación de viñedos históricos, potenciando pequenas adegas vencelladas ao viñado, e que estean dispostas a vivir no lugar e producir viño san, de gran calidade e con alto valor engadido.

“O modelo que habería que potenciar é semellante ao dos colleiteiros do Ribeiro, un modelo propio de país, no que se estableza un plan para os territorios vitivinícolas tradicionais con axudas e apoio a recuperación e preservación de viñedos históricos”

EHE ▶ A Consellería do Medio Rural avanzou a aprobación dunhas axudas que non abarcan nin gastos veterinarios, nin abortos, nin baixadas de produción

A Xunta deixa sen axudas a moitas ganderías afectadas pola Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE)

Os gastos veterinarios concréntanse en 20€ por animal censado e non inclúe os positivos non obtidos con probas de sangrado

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, e o delegado territorial da Xunta na provincia, Manuel Pardo, reuníronse o 2 de outubro con Asaga e Unións Agrarias. O Sindicato Labrego Galego, que fomos a única organización agraria que estive-mos denunciando os problemas da Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE) nestes últimos meses -neste nova vai unha cronoloxía das reivindicacións- e demandando axudas e medidas, non foi convocado a esta xuntanza.

“Se cadra como nós pedimos que cubran todos os gastos derivados perdas, abortos, baixadas de produción etc, non lles interesa oír. É incríbel que non cubrindo estas cuestións básicas aínda se atrevan a declarar que pode que lles sobren cartos entre o que aporta o Ministerio e o que cofinancia a comunidade”, apuntou a Secretaria Xeral do SLG, a gandeira Isabel Vilalba.

“Polo que adelantaron non só non van pagar este tipo perdas, senón que só van cubrir os casos nos que se sangrasen aos animais e desen positivo. Isto é descoñecer, ou obviar, as situacións ás que nos estamos tendo que enfrontar as ganderías, comezando polo feito de que no seu día os veterinarios oficiais non daban chegado ás granxas para sangrar e a xente moitas veces viuse obrigada a recorrer



aos clínicos como puido, ao que hai que engadir que logo hai moitos atrasos nos laboratorios”.

Dende o SLG reiteramos que as axudas ás granxas gandeiras deben cubrir todos os casos nos que estivo a enfermidade. Ademais, insistimos en que a Consellería debería tamén valer as probas no caso de animais tratados polos clínicos.

Cronoloxía das demandas do SLG

23 de setembro: Alertamos de significativas eivas na convocatoria de axudas para a EHE aprobadas polo Consello

No Consello da Xunta que tivo lugar o pasado 23 de setembro acordouse “apoiar aos gandeiros con axudas directas para paliar as consecuencias da Enfermidade Hemorráxica Epizoótica, dotada con máis de 5,4 millóns de euros”.

Ante este anuncio, a Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, dirixiu o 24 de setembro un escrito ao Director Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias da Consellería do Medio Rural (CMR), Silvestre José Balseiros, trasladando una serie de eivas respecto da aplicación real desta medida, identificadas polo SLG.

Por outra banda, ademais dunha xuntanza coa Consellería para abordar as consecuencias

da Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE), o Sindicato Labrego Galego estivo meses solicitando á CMR axudas directas para as granxas que fan fronte aos custos veterinarios e lucro cesante que supón a EHE.

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego solicitou tamén no escrito dirixido á Consellería a convocatoria do Consello Agrario Galego, que se pode convocar até en 6 ocasións no ano, para tratar de forma conxunta con todos os axentes do sector as incidencias detectadas.

10 de setembro: Insistimos na urxencia de adoptar medidas de apoio fronte a EHE

Debido á alta incidencia da Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE) e significativa taxa de efectos secundarios no gando afectado que dificultan a aplicación da vacina obrigatoria de lingua azul en bovinos e ovinos, a Consellería do Medio Rural semellou entrar en razón e accedeu o 10 de setembro, como vimos solicitando reiteradamente dende o Sindicato Labrego a estender a autorización para deixar saír os animais das granxas sen a pauta de vacinación completa.

Ante este anuncio adiamos a concentración que tiñamos convocada para o 11 de setembro fronte ás instalacións da Consellería en Ourense, trasladando ao mesmo tempo a solicitude de activación das medidas acordadas activar por parte das gandeiras e gandeiros do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas.

2 de setembro: Solicitamos a prórroga da vacinación da lingua azul até que a Enfermidade Hemorráxica Epizoótica estea controlada

A Consellería do Medio Rural (CMR) sacou unha nova prórroga a comezos de setembro que permitía ás granxas levar ao matadoiro -e a outros destinos como mercados, reprodución, etc.- animais sans sen a pauta de vacinación completa en lingua azul, unha doenza que, ao igual que no caso da Enfermidade Hemorráxica Epizoótica, non se transmiten ás persoas.

Dende o Sindicato Labrego Galego solicitamos á Consellería do Medio Rural a ampliación deste permiso até que sexa confirmada unha baixada significativa de casos de Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE).

De feito, naqueles territorios nos que hai moitos casos de Enfermidade o propio persoal veterinario recomendaban como mínimo un adiamento da vacinación da lingua azul. Esta posición é tamén compartida pola propia Consellería, que ten indicando que nos casos de afección por EHE había liberdade para realizar a vacinación no momento máis idóneo.

Como temos trasladado publicamente e á propia Consellería do Medio Rural, dados os efectos secundarios negativos que están a provocar todas as versións da vacina da lingua azul postas en circulación até o momento, á vista de que unha parte importante da cabana gandeira pasa esta doenza sen apenas síntomas e que esta non é unha enfermidade que as reses podan transmitir aos seres humanos.

Consideramos que se debe paralizar a vacinación nas zonas afectadas pola Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE) ou, canto menos, prorrogar a liberdade das granxas para poder decidir sobre a mesma até que a incidencia da Enfermidade Hemorráxica Epizoótica estea controlada.



23 de agosto: Instamos á paralización da vacinación da lingua azul nas zonas afectadas pola EHE

Dende o momento en que comezou a ser administrada a vacina da lingua azul, multitude de granxas reportaron efectos adversos nunha significativa proporción da cabana gandeira, entre os que destacan as mortes e abortos.

De feito, xusto o ano pasado por esas mesmas datas comunicámonos coa Xunta de Galicia e o Ministerio de Agricultura ante a persistencia de problemas con esta vacina e o deseño da propia campaña en si.

Tamén xa daquela manifesta-

mos a nosa preocupación porque o composto farmacéutico a inocular, modificado por mor dos efectos secundarios adversos da versión previa, comezou a ser probado precisamente na Galiza, onde hai unha maior cabana de vacún, sen dar tempo a seguir os seus resultados ou establecer comparativas con outros territorios.

No Sindicato Labrego Galego solicitamos o 23 de agosto a paralización inmediata da campaña de vacinación da lingua azul en áreas onde pode estar en curso a Enfermidade Hemorráxica Epizoótica, así como a constitución dun gabinete técnico de urxencia con participación das organizacións agrarias.

Revisar as interrelacións entre os protocolos de actuación da Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE) e da lingua azul é unha cuestión de urxencia para as ganderías galegas.

Neste senso, e como tamén temos advertido, cómpre revisar até que punto a vacinación é a estratexia máis axeitada para facer fronte á lingua azul en bovinos, tendo en conta de que a meirande parte dos animais contaxiados superan esta doenza sen maiores complicacións, en contraste cunha alta taxa de efectos secundarios negativos logo da administración da vacina contra a mesma.



Medidas pola enfermidade hemorráxica

O SLG reclama axudas para os gandeiros afectados

1

14 de agosto: Concentración en Ourense para demandar medidas para paliar as consecuencias da EHE nas granxas

Co fin de demandar á Xunta de Galicia que, ademais de cubrir a morte dos animais, legislara con carácter inmediato para cubrir ao 100% dos gastos veterinarios derivados desta enfermidade, así como o lucro cesante provocado tanto pola perda produtiva dos animais que falecen como polos que finalmente sobreviven, o Sindicato Labrego Galego realizou unha concentración o 14 de agosto na Consellería do Medio Rural en Ourense esixindo as administracións públicas implicadas, é dicir, ao Ministerio de Agricultura e á Consellería de Medio Rural **a activación das seguintes medidas:**

1. A convocatoria de xeito inmediato das axudas prometidas e que se doten de orzamento abondo para cubrir as perdas que esta enfermidade vai supor ás nosas granxas. O presuposto que se rumorea neste momento anda nos 15 millóns para todo o Estado español. Este presuposto é totalmente insuficiente, so os cálculos feitos polo SLG estima as perdas aquí, na Galiza, de preto de 20 millóns.

2. En todo caso esiximos que estas axudas cubran o 100% dos gastos veterinarios e calquera gasto directo e indirecto xerado por mor do coidado prestado ao noso gando enfermo.

3. Reforzo dos servizos veterinarios da Xunta de Galicia para dar resolto e visitado do xeito máis áxil posíbel as granxas afectadas e tramitar de xeito eficiente e rápido as axudas que se doten para este fin.

4. Inclusión en todo caso nas partidas a pagar o lucro cesante tanto o dos animais que morran como de aqueles os que lles poñan quedar secuelas derivadas da enfermidade, ou danos provocados de xeito indirecto por a mesma como pode ser pagar o lucro cesante por mor de xatos falecidos por mor da enfermi-

dade da nai.

5. Creación por parte da Xunta de Galicia dun gabinete de crise ante a EHE e que se dote de persoal suficiente as comarcas co fin de axudar as gandeiras afectadas que o precisen a manexos derivados da enfermidade (aparte rabaños, movementos...).

6. Garantías de que a vacinación que se recomenda dende a Consellería do Medio Rural é efectiva e non trae efectos secundarios. Así mesmo, unha vez garantido isto dende a administración, que se facilite dende a Administración a súa subministración gratuíta con servizos propios a quen a queira pór. A situación é gravísima. A diario vemos como nos enferma máis

e máis gando, e nin sequera en moitos casos é viábel acceder a medicamentos, ao persoal veterinario que faga probas ou aos tratamentos, ou que a Administración sexa áxil e conte co suficiente persoal nas oficinas comarcais para dar resposta a esta emerxencia que estamos a vivir e que cada día pasa en máis comarcas do país.

12 de agosto: O SLG esixe medidas concretas para as granxas afectadas pola EHE e para os distintos sectores

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, a gandeira e produtora de faba de Lourenzá Isabel Vilalba; o apicultor e integrante da Executiva do



Arriba, Samuel Formoso, gandeiro e responsable do sector da carne no SLG-CCLL e vogal na IXP Vacún de Galicia declarando ante medios de comunicación o 14 de agosto en Ourense. Abaixo, Isabel Vilalba Seivane, Ana Rodríguez e Brais Álvarez en reunión coa conselleira do Medio Rural, María José Gómez Rodríguez.



SLG-CCLL Brais Álvarez e a gandeira e vicerresponsábel do sector leiteiro Ana Rodríguez reuníronse na mañá do 12 de agosto coa nova conselleira do Medio Rural, María José Gómez Rodríguez, nas dependencias da Consellería do Medio Rural (CMR), en Santiago de Compostela.

O encontro foi solicitado no mes de abril, se ben a CMR non deu resposta até comezos de agosto. Entre os temas a abordar, por parte do Sindicato Labrego tratáronse, entre outros, as consecuencias da Enfermidade Hemorráxica Epizootica (EHE) nas granxas galegas, a crise de sobreproducción na Ribeira Sacra ou os baixos prezos no sector cárnico, leiteiro e da horta. Para facer fronte a esta situación solicitamos á CMR a cobertura total dos gastos veterinarios, así como do lucro cesante tanto polos animais mortos como polos que superan a enfermidade.

“Percibimos en temas fundamentais como a EHE que seguimos sen ter solucións -advertiu Isabel Vilalba-. O argumento da Consellería foi que o Ministerio ten que facer unha adxudicación do importe que corresponde na Galiza, e que aínda que o anunciou en xuño vaise facer en novembro. O preocupante é que, de ser así, a Consellería botou balóns fóra e argumentou que probabelmente á Xunta non lle daría tempo de facer a Orde da convocatoria e a xustificación da mesma. Nós traslámoslle na xuntanza que consideramos que tanto a Administración estatal como a galega teñen a responsabilidade de pór medidas de apoio ao sector xa, inmediatamente, e tamén de coordinarse para activar decontado mecanismos para financiar os gastos veterinarios, que poden chegar aos 400€ por animal, así como de actualizar as indemnizacións por morte do gando para cubrir as perdas reais”, destacou a Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego xa o pasado mes de agosto.

BORJA CAMPOS FERNÁNDEZ ▶ Gandeiro de Vilalba da Trapa, na Fonsagrada, explica nesta entrevista o tratamento que recibiu por parte da Xunta de Galicia durante o procedemento de saneamento da tuberculose bovina que lle realizaron o pasado mes de abril deste ano 2024

“Trátasenos como se fóssemos delincuentes”

✓ Borja, cóntanos como foi o procedemento do saneamento que recibiches na granxa. Cantas vacas marcaron?

Chegaron aquí o 27 de abril. Chegou un rapaz que non se presentou nin nada, preguntou se podía sacar unhas fotos e o seu compañeiro comezou a marcar vacas. 5 vacas e un xato de 8 meses marcaron. Dixo que posibelmente fora o tema da aviar pero eu o único que sei é que nos chamaron da extensión agraria dicíndonos que nos tiñan que facer un estudo. Fomos falar con eles e o primeiro que nos dixeron foi: “estamos tentando non matarvos todo”. Dixéronnos que tiñamos que matar dúas vacas que deran máis no calibre que outras. Volvo repetir, non temos porque crerlle a ese señor o que dixo porque segundo teño entendido todas as vacas que marcou por esta zona dos Ancares logo no matadoiro todas deron negativo.

“Todas as vacas que marcou por esta zona dos Ancares logo no matadoiro todas deron negativo”

✓ Na extensión agraria pedíteslle á Xunta que vos fixeran a comparada ou foi cousa deles?

Dixéronnos que era obrigatorio. Fixéronnola o 3 ou 4 de setembro. Chegou o resultado das



Borja Campos Fernández cunha das vacas na súa granxa en Vilalba da Trapa.

dúas vacas do matadoiro e deron ben. As tres que nos deixaron en seguimento non deron en nada tampouco. Pero bloqueáronnos todo. Parecíamos uns delincuentes!

✓ As dúas vacas que deron no saneamento esas xa as mandaron ao matadoiro, non?

Dixéronnos que as culpábeis seguramente foran unhas que levan 12 anos aquí, que viña unha de Portugal e outra de Soria, que non sei até que punto levando os anos na casa...unha matámola e a outra non a imos matar, iso témolo claro. Matámola porque non empreñaba e era vella, pero a outra non a imos matar. Que veña un señor marcando vacas así por así e rebentando granxas pois non...

✓ Nos últimos anos trouxeches vacas de fóra?

Esas son as últimas que viñeron. Compramos na ACRUGA e senón criamos nós. A que mandamos ao matadoiro foi criada

na casa. Nós os gandeiros non temos a culpa de que non teñan o tema da fauna salvaxe controlada. Matar vacas por matar...

✓ Borja, nos últimos doce anos tiverades algunha marcaxe?

Hai 10 ou 11 anos este mesmo rapaz marcounos unha xata 8 meses. Rebentoulle a pel até que a fixo sangrar. Eu era máis pequeno, se son agora bótoos da granxa. Ese rapaz aquí a próxima vez non vai vir sanear, non imos deixarlle. A cada granxa que vai cada granxa que rebenta.

✓ Entón as dúas vacas que foron para o matadoiro cantos anos tiñan?

Unha 5 e a outra 8. Unha criada na casa e a outra comprada na ACRUGA. Negativo deron.

✓ Sabes canto vos van pagar por elas?

Dixéronme que estaba en proceso e que ía con atrasado.

✓ Logo veu a comparada e deuche todo ben.

Si, todo negativo deu.

✓ Nomeaches o tema da fauna salvaxe.

Nós temos as vacas fóra, o que non podemos é estar mirando día tras día se caga un paxaro ou comen un rato ou están os xabarrís ou os corzos!

✓ Hai uns meses nunha gandería de Manzaneda unhas vacas deron positivo no matadoiro. Nese caso a Xunta o que fai é baleirar toda a granxa. Pareceche que todo o protocolo é necesario para tratar a tuberculose? Pensas que precisamos que se fagan controis á fauna salvaxe para saber en que estado está?

Aquí os controis os únicos que os facemos somos os gandeiros. E os que nos temos que *joder* somos os mesmos. Penso que isto ten que cambiar. Se hai que sanear esa vaca e volver dentro duns meses pois haberá que facelo, pero o que non se pode é arruinar a un gandeiro. Parece moi ben os estudos que nos fixeron os da extensión agraria, pero tamén hai que facer un estudo a ese veterinario por exemplo...porque comezar a marcar vacas por marcar e chegan ao matadoiro e está todo ben, iso tamén terá que ter

“Aquí os controis os únicos que os facemos somos os gandeiros”

“Nós os gandeiros non temos a culpa de que non teñan o tema da fauna salvaxe controlada”

✓ De todo este proceso de saneamento, para ti que é o peor?

Dende abril levamos con isto. As vacas teñen que ir soas no camión, tes que desinfectar, trátasenos como se fósamos delinquentes.

✓ Cando mataches as vacas notaches que no matadoiro pagaron menos por elas por ser vacas marcadas?

Si. Esta última que mandei, que por certo estaba case para parir, déronme unha prórroga por benestar animal, pero por benestar animal aos 10 días deixaron un xatiño orfo e tivemos que crialo a leite. Iso non é benestar animal. Eses dous xatos que tiven que criar así xa non vai por Suprema. Se é agora non matamos as vacas até que nos viñeran facer a comparada.

✓ Agora temos enriba o problema da Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE). Si, eles (na Administración) van de festa e viños por aí...non lle

importan os gandeiros. O outro día vin que dicían na televisión: “non vos preocupedes que non hai tanta alerta”. Non nos preocupemos? Falade coas granxas de 15 vacas e que lles mataron 3, se é para alarmarse ou non...pero a conselleira parece que non ten vacas.

✓ Tiveches casos de EHE?

Tiven unha pero collémola a tempo. Agora está ben. Os veciños aquí teñen 5 ou 6, aquí no pobo temos.

✓ Que cres que se pode facer? Como gandeiros demandaredes unhas medidas.

A min paréceme como a COVID. Para min isto vén dos cambios de temperatura...se din que co frío se vai o mosquito...a Xunta ten que sacar unha vacina e comezar a vacinar e que no verán non haxa isto. Na nosa granxa temos 50 vacas e a min xa me dá medo. Xa penso que temos perdas cunha cousa e outra e se nos empezan con iso... como aquí quen manda está nun sofá e non se ten que moverse, pero quen temos que pagalas somos os gandeiros sempre.

✓ E agora que falaces do tema da vacina EHE, ti como gandeiro dormes tranquilo poñendo unha vacina que sabes que non foi testada?

Eu teño medo que todo isto veña na vacina da lingua azul e que sexa todo algo premeditado para que haxan enfermidades, gastos e que nos arruínen. O tema da lingua azul produce mal formacións nos xatos, abortos...

✓ Hai quen di que a vacina da lingua azul afecta ao sistema inmunitario das vacas.

Nós temos vacas que tosen e teñen mocos...e claro alguén chega ao prado e ve as vacas con mocos e...ala positivo! E o tema do tempo tamén inflúe moito. Non sei en que vai acabar isto. Xente nova queda pouca e se seguen así non imos quedar ningún.

✓ A todo isto súmase unha situación en Tenreira Suprema que con toda esta subida de custes de produción non está habendo esa repercusión que debería ter unha carne de calidade.

Houbo anos, cando eu era pequeno, co tema das vacas tolas, que estabamos peor do que estivemos agora. Os xatos non están a un prezo que perdes. Eu penso que hai que protestar máis por outras cousas antes que polo prezo do xato: a vacina da lingua azul, do mosquito. Pero si, os prezos terían que subir como sube todo. Que

tiñan que pagar máis? Si, pero houbo anos peores.

✓ Partimos da base de que a carne que se produce en Suprema é superior á que se produce en cebadoiro. Ti os xatos pequenos até cando os tes fóra?

Eu téñoos até os 5 meses. Despois mandamos algúns para Asturias e algúns para Galiza.

✓ No caso da axuda dos 200 euros de Ternera Gallega Suprema, non sería mellor que fora unha axuda quitada por vaca dentro das razas que se autorizan na marca? Por que cres que non se sacou así?

Non se sacou así eu creo que porque non lle interesaba á Xunta.

“Hai 10 ou 11 anos este mesmo rapaz marcounos unha xata 8 meses. Rebentoulle a pel até que a fixo sangrar”



PRATO INVERTIDO ▶ Arredor de 5.500 granxas de leite e 20.000 de carne expóñense a sancións porque a CMR non executou as súas competencias

O SLG demandou á Consellería do Medio Rural respostas inmediatas en relación ao prato invertido

Hai máis de medio ano, en plenas mobilizacións, a Consellería afirmou contar cos estudos precisos para autorizar a excepción

O pasado mes de marzo soubemos por un medio de comunicación que o Ministerio de Agricultura asegurara por carta a Unións Agrarias (UAA) que se podería utilizar o sistema do prato invertido para aplicar o purín, e que a Consellería do Medio Rural (CMR) poría en marcha nas datas seguintes “os mecanismos necesarios para, contando cos informes técnicos favorábeis, regular a aplicación dos xurros con prato invertido en Galicia”.

Xa pasou máis de medio ano e nada máis se soubo desta suposta autorización, anunciada á calor das mobilizacións agrarias deses meses. As gandeiras e os gandeiros galegos seguimos expoñéndonos a sancións que poden chegar até os 1.000€ por empregar un sistema non permitido dende o 1 de xaneiro, téndose dado xa casos de notificacións por utilizar o sistema de abanico.

Malia a que o **Real Decreto 1051/2022**, de 27 de decembro, polo que se establecen normas para a nutrición sostíbel dos solos agrarios abre a posibilidade a que se autorice o uso do prato invertido deixando esta valoración como unha competencia da comunidade autónoma, é dicir, da Consellería do Medio Rural, o certo é que o texto definitivo publicado polo Ministerio non recolle a posibilidade de usar o prato in-

Las autoridades competentes de las comunidades autónomas, atendiendo a las características agroclimáticas de sus territorios y a la tipología de material aplicado, podrán establecer un plazo de tiempo máximo inferior a las 24 horas para llevar a cabo este enterrado cuando sea obligatorio.

4. Cuando se apliquen estiércoles sólidos o purines o productos o materiales orgánicos u órgano-minerales, incluidos los residuos, será obligatorio emplear al menos una de las medidas de mitigación de emisiones incluidas en el anexo V o cualquier otra avalada técnicamente y reconocida por las comunidades autónomas para la que se haya demostrado una eficiencia similar a la hora de reducir emisiones de amoníaco. No obstante, los estiércoles sólidos aplicados en terrenos que se acogen a la excepción de los apartados 1 y 3 están exentos de cumplir con esta obligación.

- Se modifican los apartados 2, y el primer y último párrafo del 3 por el art. único.5 del Real Decreto 840/2024, de 27 de agosto. [Ref. BOE-A-2024-17371](#)

☒ Última actualización, publicada el 28/08/2024, en vigor a partir del 29/08/2024.

☐ Texto original, publicado el 29/12/2022, en vigor a partir del 01/01/2023.

[Subir](#)

[Bloque 15: #s2]

vertido e segue a manter a exención das parcelas do 10% de pendente -se os recintos da granxa que superan este 10% son máis da metade das hectáreas totais ou se o total de recintos con pendente menor a 10% suman menos de 2 hectáreas-.

Por que a día de hoxe, e a pesares dos anuncios vitoriosos, o RD non contempla o uso do prato invertido?

Á vista do recollido, mesmo para que as granxas galegas poidamos traballar coa tranquilidade básica e esencial de estar cumprindo a normativa vixente, só é preciso que a CMR confirme que o prato invertido é unha medida de mitigación de emisións avalada tecnicamente e recoñecida pola Comunidade Autónoma para a que se teña demostrado unha eficiencia similar á das medidas recollidas no Anexo V á hora de reducir emisións de amoníaco. Cuestión que, por outra banda, debería de resultarlle doada, tendo en

conta que xa no citado mes de marzo o daquela conselleiro, José González, afirmou que se apoiarían en traballos realizados polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) que cuantifican a redución de emisións de amoníaco fronte ao uso do prato convencional.

“Hai meses a Consellería saía anunciando que dispoñía de estudos que demostrarían a eficiencia do prato invertido para reducir as emisións de amoníaco e nitróxeno. Dende o Sindicato Labrego Galego esiximos que faga os informes pertinentes e que lexisle de xeito inmediato para autorizar ás granxas o uso do prato invertido. A súa deixadez está a comprometer a viabilidade económica das granxas, é unha absoluta irresponsabilidade, tanto por parte da Consellería como doutros axentes do sector, trasladar informacións pouco veraces que poden carrexar fortes sancións ás persoas gandeiras”, advertiu

o coordinador do sector da carne no Sindicato Labrego Galego - Comisiones Labregas, Brais Álvarez.

Cómpren respostas urxentes

Dende a nosa organización, Sindicato Labrego, esiximos respostas e actuacións urxentes para dar solución a unha problemática que afecta a máis de 5.500 granxas de leite e preto de 20.000 de carne polo país.

Demandamos á nova conselleira María José Vázquez que deixe de ser cómplice deste engano que pode supor milleiros de euros de perdas ao sector, que asuma as súas competencias e traballe para que sexa real o anuncio que venderon hai uns meses cando estabamos en plenas mobilizacións, porque o certo é que a día de hoxe non está autorizado o uso nin do prato nin do prato invertido para sacar o purín, no seu conxunto está a supor a imposición excluínte do actual modelo de dixitalización.

BORRASCA KIRK ▶ A administración debe deseñar medidas estruturais para abordar os cada vez máis habituais episodios climatolóxicos extremos

As perdas das granxas galegas por mor dos estragos da borrasca Kirk nos cultivos forraxeiros xa alcanzan os 69M de euros

O SLG anima a rexistrar nos seus locais todo tipo de danos xerados polas últimas borrascas, que serán trasladados á CMR

Coas primeiras estimacións de danos nos cultivos provocados polas treboadas das últimas semanas de outubro, nomeadamente pola borrasca Kirk, podemos extrapolar que hai danadas 19.325 has de cultivos forraxeiros -arredor de

870 millóns de quilos-, é dicir, uns 69 millón de euros perdidos. Resulta indignante que con milleiros de hectáreas de produción alimentar anegada a conselleira María José Gómez mire para outro lado escudándose en que o asegurábel non é indemnizábel, deixando claro o abandono e falta de compromiso co sector produtor.

“Precisamente a Administración sabe perfectamente as dificultades económicas que afrontan as granxas, as altas porcentaxes de endebedamento, os baixos prezos que percibimos polos nosos produtos, incluso as desorbitadas contías que pagamos en seguros, que son requiridos para múltiples aspectos: traballadoras e traballadores, maquinaria, instalacións, saneamento, enfermidades, consecuencias da fauna salvaxe... Este custo pode chegar aos varios milleiros de euros mensuais, é materialmente imposíbel que ademais se contraten seguros para danos puntuais”, explica a gandeira e produtora de faba de Lourenzá Isabel Vilalba, Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego.

A magnitude dos danos

É necesario que a Xunta de Galicia estableza un mecanismo de cuantificación de danos por comarca que nos permita traballar con maior exactitude nos datos, xa que limitarse ás hectáreas afectadas aseguradas -os datos que proporciona por exemplo Agroseguro- invisibiliza as consecuencias reais destes episodios meteorolóxicos.

“Segundo os datos do Agroseguro, hai na Galiza 14.200 has aseguradas en forraxes e, desas, deron parte de 3.783 has. Pero os datos din que temos unhas 74.000 has de cultivos forraxeiros. Polo tanto, están sen asegurar a maioría das hectáreas de millo plantado. Por que está sen asegurar? Porque as granxas de leite teñen uns gastos en seguros moi elevados ao longo do ano -e os prezos polo leite máis baixos de todo o Estado- e porque non se adaptan ás circunstancias da produción galega de millo”, exemplifica a gandeira de vacún de leite e economista Ana Rodríguez. “Ademais non só é un problema que non se poda recoller o millo por estragado ou polo anegamento das fincas, senón que esta situación pon en entredito os tempos para botar a herba, polo tanto comprometendo a alimentación do gando o vindeiro ano”.

O sector da pataca

Situación similar podemos identificar tamén por exemplo no sector da pataca. Na comarca da Limia arredor de 5000 has están adicadas á pataca, pero só se comunicaron 100 has ao Agroseguro. “O seguro de pataca soe ser caro. E moi poucas granxas fan este seguro,



a non ser que teñan compromisos por un plan de incorporación ou plan de mellora”, explica Anxo Pérez, coordinador do SLG na comarca. Dende hai semanas no Sindicato Labrego vimos cuantificando nas nosas oficinas datos de todo o país, e animamos ás labregas e aos labregos a continuar reportando nos seu local de referencia calquera outro dano a maiores que poda ser detectado tamén nestes días. Toda esta información será trasladada á CMR.

Urxe unha Mesa de Traballo

Os episodios meteorolóxicos extremos vinculados ao quecemento global son cada vez máis frecuentes. As administracións públicas deben asumir a responsabilidade de establecer medidas permanentes, que permitan actuar de xeito inmediato pero tamén con previsión de futuro. Neste senso unha vez máis solicitamos á Consellería do Medio Rural que constitúa unha Mesa de Traballo sobre o Cambio Climático que permita dar respostas holísticas e coordinadas a esta situación.

As producións de horta, ou cultivos como a faba ou a pataca presentan neste momento forte afección, e ás imaxes de leiras estragadas que vimos nos primeiros días, agora hai que engadir as perdas que se foron confirmando nas semanas seguintes cando se comezou a poder entrar nos terreos.

Pero non estamos a falar só da meteoroloxía, senón tamén de pragas como a do verme dos prados, ou a aparición de mosquitos vectores de enfermidades como a EHE ou a lingua azul, ou mermas nos cultivos por mor do clima. Precisamos investigación pública neste ámbito, que se identifiquen prácticas de cultivo que permitan mellorar esa situación, con todo, non consta que a Consellería estea a ter en contra esta realidade de ningún xeito.

Dende o Sindicato Labrego volvemos dirixirnos á Consellería do Medio Rural para solicitar a activación dunha liña de axudas que permita á granxas abordar as perdas inmediatas pero tamén a medio prazo. Por último, insistimos na conveniencia de que a Xunta de Galicia inicie o procedemento pertinente para trasladar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a solicitude de declaración de zona catastrófica nas comarcas galegas máis afectadas.

MINA DE MURAS ▶ Unha sentenza do TSXG vincula á Consellería de Economía, Industria e Innovación con diversas ilegalidades que favoreceron á empresa mineira

Denuncian por presunta prevaricación a tres directores xerais da Xunta de Galicia en relación á mina de Muras

Logo de que o TSXG anulase a autorización da mina, a Fiscalía analizará a responsabilidade penal dos altos cargos e funcionarios

A Fundación Montescola e o Sindicato Labrego denunciamos en rolda de prensa o 26 de setembro en Compostela as irregularidades en materia de minas da Consellería de Economía, Industria e Innovación, neste caso na tramitación da transmisión das concesións e na aprobación do proxecto de explotación da Mina San Acisclo do grupo Urbas no concello de Muras, que poden ser constitutivas de infraccións penais.

Unha recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) procedeu a anular a autorización mineira outorgada á empresa promotora, Materiales Cerámicos Materias Primas, S.L., por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación. A sentenza pon en evidencia o cúmulo de ilegalidades no que incorreu o procedemento, aínda que non se pronuncia sobre as responsabilidades penais, por tratarse dun recurso contencioso-administrativo.

Antecedentes

O SLG e a Fundación Montescola veñen facendo seguimento deste proxecto dende que no ano 2020 tivemos coñecemento a través da prensa da posibilidade de reapertura desta explotación mineira, presentando en setembro dese mesmo ano as primeiras solicitudes de información. As sospeitas iniciais

sobre as irregularidades levantáronse cando a Xunta demorou meses en resolver as solicitudes de información, retendo documentos chave que expuñan a actuación dos altos cargos a pesar da existencia de informes de funcionarios da Consellería que alertaban de que as concesións mineiras estaban caducadas. De feito, o SLG tivo que acudir á Valedora do Pobo para forzar á Xunta a entregar os documentos.

O SLG e Montescola denunciamos que este expediente estaba cheo de irregularidades, destacando o feito de que as concesións estaban caducadas e que o proxecto non fora sometido a unha avaliación de impacto ambiental a pesar de afectar a terreos da Rede Natura 2000 situados en plena Reserva da Biosfera.

Así, como confirmou a sentenza o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a transmisión dos dereitos mineiros, foi manifestamente ilegal, dado que nunca foron consolidados pola empresa que os tiña anteriormente. Ademais, na liña das nosas sospeitas de favoritismo con esta mina por parte da Xunta de Galicia, a sentenza xudicial subliña que a Administración nunca instou á caducidade a pesares de ser preceptivo.

No seu contundente fallo xudicial, o TSXG confirma que a Consellería non só “ignorou todas as anomalías que xa constaban -merecedoras da paralización dese procedemento para incoar un de caducidade-”, senón que tampouco someteu o proxecto á preceptiva avaliación ambiental estratéxica ordinaria. O Tribunal conclúe textual-



Margarida Prieto e Joám Evans en rolda de prensa no local nacional do SLG-CCLL.

mente: “Esta anómala actuación autonómica non resulta en modo algún compatíbel co claro mandato que ás administracións públicas impón o artigo 103.1 da Constitución Española de suxeitar as súas actuacións a lei e o dereito, o que neste caso se vulnerou de forma flagrante por parte da Consellería de Industria”.

Nas mans da Fiscalía

“Dende o SLG consideramos que os feitos son de moita gravidade e vémonos na obriga de elevar os mesmos á Fiscalía, por se fosen constitutivos de delitos penais”, advertiu a coordinadora da loita contra o acaparamento de terras no SLG, Margarida Prieto. “Entendemos que, de ser o caso, débense tomar medidas para que feitos coma estes non volvan a acontecer. Non se pode usar a Administración ao servizo das grandes empresas, saltándose os procedementos legais establecidos, poñendo en risco a vida da veciñanza de Muras, po-

ñendo en risco as súas actividades produtivas, como a produción de alimentos, e por suposto o noso medio natural. Temos a responsabilidade como sociedade de denunciar estas prácticas, que por desgraza levamos sufrindo moitos anos”.

Joám Evans, director da Fundación Montescola, un dos colectivos que recorreron a autorización do proxecto o igual que o concello de Muras diante do TSXG, explicou que serían presuntos responsábeis dun delito continuado de prevaricación os sucesivos directores xerais de enerxía e minas que aprobaron as seguintes transmisións e permitiron o mantemento dos dereitos mineiros a pesar de coñecer a súa ilegalidade, existindo informes que alertaban deste feito. Por iso, pedirá á Fiscalía que investigue aos tres directores xerais da Xunta que interviron persoalmente no procedemento así como aos funcionarios que con posterioridade tentaron encubrir esta actuación ilegal.

MINA TOURO-O PINO ▶ Alentados pola declaración da mina como PIE por parte da Xunta, levan meses ameazando ás veciñas e aos veciños con expropiarlles

A polémica empresa Cobre San Rafael utiliza prácticas de dubidosa ética coa veciñanza de Touro - O Pino



Nas última semanas de setembro o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas foi alertado de reiterados episodios de acoso e intimidación por persoas do contorno da empresa Cobre San Rafael á veciñanza de Touro-O Pino.

Alentados pola declaración da mina como Proxecto Industrial Estratéxico (PIE), individuos vinculados á empresa están levando a cabo visitas intimidatorias nos domicilios das persoas propietarias dos terreos -en ocasións até catro veces-, moitas delas maiores e/ou que viven soas. Tamén están conseguindo os números de teléfono daquelas que non viven no concello, e realizando chamadas telefónicas de presión, sen aclarar a procedencia dos informadores que están a facilitar estes datos persoais, e confundindo á xente indicando que a mina xa está a aprobada e abrirá despois do Nadal.

“Nestes encontros forzados, os enviados da empresa utilizan a coacción para que lles sexan vendidas as terras decontado, ameazando se non coa expropiación. Esta situación está a crear angustia entre as veciñas e os veciños, ao tempo que incrementa a tensión xa existente na comarca con esta mina a ceo aberto, claramente rexeitada pola cidadanía”, abonda a veciñanza agrupada na Plataforma Veciñal Mina Touro-O Pino Non.

Dende o Sindicato Labrego Galego amosamos o noso total apoio á loita levada adiante por esta Plataforma, e canda elas cuestionámonos que tipo de empresas elixe a Xunta de Galicia como compañeiras de viaxe. “Hai menos dunha semana dabamos conta da posíbel prevaricación de directores xerais e funcionarios da Consellaría de Economía na autorización da mina solicitada por Materiales Cerámicos Materias Primas, S.L en Muras, anulada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) cunha sentenza que precisamente resulta o favorecemento político da tramitación dese expediente”, lembrou a coordinadora da loita contra o acaparamento de terras no SLG, Margarida Prieto. “Agora outra das empresas ás que leva anos apoiando non só pretende explotar unha mina con De-

claración de Impacto Ambiental (DIA) negativa e varias sancións, senón que tamén se dedica a violentar ás veciñas e aos veciños nas súas propias casas”. Coñecedora do apoio por parte da administración pública, esta empresa obvia por completo que as persoas propietarias dos terreos teñen deito a decidir que facer cos mesmos, chegado o caso.

Dende o SLG e a Asociación Mina Touro-O Pino Non, esiximos á empresa Cobre San Rafael e ao seu contorno que cese inmediatamente nas súas manobras de presión á veciñanza, e ao Goberno galego lembrámoslle que precisamente nesa contorna existe unha economía diversificada entre multitude de sectores como o agroalimentario, gandeiro, forestal, servizos, comercio ou turismo, en especial o vinculado ao Camiño de Santiago.

Abrir a mina de Touro significaría que a propia Xunta de Galicia non nos permita vivir das nosas granxas, dos noso pequenos negocios, etc, para que unha empresa con longa traxectoria de nefastas praxes ecolóxicas se lucre a costa da nosa saúde, da destrución da natureza e da apropiación pola forza dunhas terras agrarias que non lles pertencen.

Reiteramos que a declaración PIE desta mina é un escándalo político: ten unha DIA negativa e acumula décadas de denuncias e sancións

PIE: o lucro das empresas por riba dos dereitos das persoas

O pasado mes de xuño denunciámos o escándalo político que significaba a decisión da Xunta de Galicia de privilexiar a Cobre San Rafael -polémica polos seus reiterados episodios de contaminación- declarando Proxecto de Interese Estratéxico (PIE) a mina a ceo aberto que a empresa quere explotar no concello de Touro-O Pino.

O PIE é unha figura inventada ad hoc polo Partido Popular instrumentalizando a Administración galega que lle permite privilexiar a determinadas empresas -maiormente as extractivas de recursos naturais- por riba das normativas medioambientais. Utilízana para forzar a aprobación de proxectos especialmente lesivos para a saúde das persoas e da natureza, moi habitualmente acompañados dunha forte e consciente a oposición social aos mesmos.

Permite ás corporacións cuestións estratéxicas como expropiar de xeito forzoso as terras da veciñanza, acelerar a tramitación do proxecto ou limitar á metade do legal o tempo no que vai estar a exposición pública, poñendo deste xeito significativos impedimentos para dificultar que a cidadanía poida estar informada e defenderse dun plan de negocio industrial que prexudica gravemente a saúde da poboación e o territorio.

MINA DE TOURO ▶ A empresa mineira pretende verter cada ano ao río Pucheiras preto dun millón e medio de litros de residuos tratados con químicos

Alegamos contra a legalización dos vertidos industriais da mina de Touro

Instamos a cumprir a Lei minimizando o volume de auga captado e eliminando por completo os vertidos químicos ao DHP

Explotaciones Gallegas, propietaria da polémica mina de Touro-O Pino xunto con Atalaya Mining, que a través a empresa pantalla Cobre San Rafael ostenta os dereitos de explotación, solicitou autorización para verter anualmente ao dominio público hidráulico (DPH) 1.440.000.000 litros de augas residuais e máis de medio millón de litros de augas fecais -depuradas e tratadas quimicamente segundo os parámetros mínimos establecidos-, augas residuais industriais de escorrentía -potencialmente afectadas por metais pesados procedentes dos depósitos de estériles da antiga mina, pechada hai máis de 30 anos sen plan de restauración coñecido-, augas residuais industriais procedentes dos lavadoiros dos camións da planta de reciclaxe de plásticos de silos, augas do proceso de lavado de áridos, e augas residuais da actividade da planta de tratamento de residuos de lodos de depuradoras para a elaboración de tecnosolos (Expediente DH.V15.89848).

Este vertido realizaríase ao río Pucheiras, que xa a día de hoxe vai coas augas totalmente marróns por mor das filtracións dos terreos da mina. Este rego xa contaminado vería o seu caudal diariamente aumentado en 3.945.205 litros de auga, o que equiva o consumo diario de 30.347 persoas. O río Pucheiras verte as súas augas ao Brandelos, afluente do Ulla, onde comenza a Rede Natura 2000.

A contaminación dos vertidos

Á vista da preocupante proposta de resolución de autorización deste vertido polo Servizo de Xestión Ambiental de Augas de Galicia, dende o SLG presentamos o 7 de outubro alegacións para reiterar a petición de denegación desta autorización xa realizada no seu momento, e traendo novamente a colación os motivos expostos polas 28 organizacións ambientais, culturais, ecoloxistas, agrupacións, confrarías, partidos políticos e Concellos personados neste expediente,



canda 2.307 sinaturas de alegacións achegadas por particulares aportadas no proceso de exposición pública, boa mostra da grande preocupación social que suscita esta mina a ceo aberto. Autorizar estes vertidos -tratados quimicamente e logo devoltos ao dominio público hidráulico- suporía na práctica a legalización de episodios contaminantes que se veñen producindo dende hai tres décadas -reiteradamente denunciados pola Plataforma Veciñal Mina Touro-O Pino NON-, e que até o de agora foron obxecto só de sancións leves por vertidos industriais sin autorización.

As alegacións

A única solución para esta situación, sinalamos dende o SLG nas alegacións presentadas, sería un proxecto definitivo que inclúa a caducidade da concesión de captación de augas no Lañas do que se abastecen as empresas e usuarios dos terreos da mina e non realizar ningún vertido ao DPH, o que facilita o cumprimento do artigo 57 da lei de Augas con respecto ao marco mineiro xa que deixaría de ser excedentaria e non tería que proceder á devolución de augas sobrantes, e, en todo caso, estas augas sobrantes, se existiran, poderían ser utilizadas noutras actividades industriais que as precisaran sen ter que baleirarse ao río, tanto polo propio respecto ao medio ambiente e ás augas,

como polo principio de prudencia ante un potencial accidente de causas irreparábeis, cuestión que é competencia de Augas de Galicia poder determinar dito uso, sin acudir ao vertido.

De feito, de existir unha devolución de augas esta debería xestionarse de tal xeito que non foran devoltas ás canles públicas das que se abastece a poboación da cunca do Ulla augas abaixo, como así esta contemplado no Art. 57 do **RD lexislativo 1/2001**: “Se existiran augas sobrantes, o titular do aproveitamento mineiro poraas a disposición do organismo de cunca, que determinará o destino das mesmas ou as condicións en que deba realizarse o desaugue atendendo especialmente á súa calidade”.

A responsabilidade de coidar a auga

Outra advertencia especialmente relevante é que segundo a empresa estas suxestións van ser bombeadas do depósito de estériles da mina para manter o nivel da balsa de augas acedas do Vieiro nunha cota inferior a 303 metros. Como se estivo a facer entón até o de agora con esas augas que sobran na mesma balsa? Existe a posibilidade de que foran expulsadas ao río Pucheiras sen autorización de vertido co argumento de que son escorrentías? Cal foi o canón de vertido esixido en tal caso ante un vertido ilegal?

“Dende o SLG reiteramos á Administración pública que a auga non só é un ben social e público, senón que o dereito á poboación ao acceso a unha auga de calidade está protexido en numerosa normativa nos distintos niveis administrativos, sendo ademais patente a crecente conciencia global respecto da necesidade de coidala e preservala, ao ser cada vez un ben máis escaso por mor do quecemento global”, abonda a coordinadora da loita contra o acaparamento de terras no SLG, Margarida Prieto.

“A calidade da auga é tamén esencial para a produción de alimentos. Todas temos a responsabilidade de coidar a auga, e da Administración pública debemos esixir a maior dilixencia neste aspecto, á marxe de intereses económicos de empresas privadas, antepoñendo sempre o ben común para a poboación”, conclúe.

ALTRI ▶ As plataformas Ulloa Viva e PDRA anuncian unha nova mobilización masiva para o vindeiro domingo 15 de decembro en Santiago de Compostela

A Xunta inicia unha campaña de deslexitimación masiva de milleiros de persoas que alegaron en contra de Altri

As entidades e plataformas que a Xunta pretende deslexitimar representan intereses colectivos na defensa do medio rural e da veciñanza afectada

As plataformas Ulloa Viva e en defensa da Ría de Arousa, xunto cos outros colectivos ecoloxistas e sindicais do país, denunciámos publicamente o 7 de outubro en rolda de prensa a campaña que a Xunta está a facer valéndose da maquinaria administrativa para intentarnos acalar e deixarnos fóra da tramitación do proxecto, cando como galegos e galegas afectadas polo seu impacto, temos dereito a que a Administración de todas e todos non dea información sobre o proxecto de Altri-Greenalia, en que situación está o expediente, acceder aos informes sectoriais e saber que valoracións fan os técnicos e cales son os resultados.

Non contenta con filtrar á prensa supostos informes encargados a distintos organismos, dos que non temos notificación nin coñecemento, a Xunta está a mandar escritos de requirimento ás máis de 23.000 persoas individuais e colectivas que presentaron alegacións contra o proxecto Gama para que demostren a súa lexitimidade para acceder á información e se lles recoñeza a condición de persoas interesadas no procedemento administrativo de autorización do proxecto.

Dende comezos de outubro, moitas asinantes das 23.000 alegacións están a recibir requi-



Representantes das plataformas Ulloa Viva e en defensa da Ría de Arousa xunto con outros colectivos, como o SLG-CCLL.

rimentos da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, asinados pola xefa de servizo de Coordinación Administrativa, nos que a Xunta require emendar a solicitude das alegantes para declaralas como persoas interesadas na causa.

En base ao artigo 4 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común, a Xunta pídlle aos particulares, que alegaron contra Altri e queren obter información do Executivo galego sobre a tramitación do proxecto, que acrediten o seu interese -no prazo de 10 días hábiles- para que ese mesmo departamento valore dita acreditación. En caso contrario, advirte que o requirimento entenderase por desistido e, por tanto, non se outorgará a condición de persoa interesada, impedindo o seu acceso ao expediente.

Urxe a resposta social na defensa do dereito á participación e á información

Diante desta ofensiva lanzada por parte da Xunta contra as máis de 23.000 alegacións ao

proxecto de Altri, a Plataforma Ulloa Viva e a PDRA, xunto con outras asociacións e colectivos de todo o país, anunciamos unha campaña de acción conxunta contra o intento da Xunta de amordazar ás persoas que alegaron en contra de Altri.

Esta actuación antidemocrática do Goberno galego súmase á negativa a ampliar os prazos de exposición pública para formular alegacións tanto no propio proxecto como no da captación de augas e vertedura.

Os escritos de requirimento da Xunta están a ser contestados por parte da cidadanía alegando en moitos casos a condición de propietarios, arrendados, titulares de explotacións ou de proxectos empresariais no territorio, para reclamar algo tan sinxelo coma que o seu propio goberno os recoñeza como interesados na tramitación do proxecto.

Un proxecto que pode mudar as súas vidas, poñer en perigo a súa saúde, botar a perder os seus negocios, estragar as súas explotacións agro-gandeiras/marisqueiras e mesmo obrigalos a marchar.

Quérennos sacar o noso dereito a protestar, a estarmos informadas e mesmo os nosos dereitos constitucionais, pero a lexitimidade é do pobo e ningunha das 23.000 alegacións pode ir ao lixo, porque o proxecto de Altri significa mudar o modelo de país e por tanto aféctanos a toda a cidadanía.

15 de decembro, Compostela

A Plataforma Ulloa Viva e a Plataforma en Defensa da Ría de Arousa, apoiadas por outros moitos colectivos, anunciamos a convocatoria dunha grande mobilización nacional para o vindeiro domingo 15 de decembro en Compostela, unha nova demostración da contestación social en contra do proxecto da macrocelulosa de Altri-Greenalia en Palas de Rei, baixo o lema "A Xunta non poderá calar todo un país. ALTRI non!".

Ulloa Viva e a PDRA anunciamos que volveremos ás rúas, todas e todos, para dicirlle ao PP e a Rueda que nin queremos nin precisamos unha macrocelulosa no corazón da Galiza que suporía a destrución do noso país até a Ría de Arousa.

INCORPORACIÓNS ▶ Afecta a xestións esenciais como o financiamento do proxecto, a adquisición de maquinaria ou os proxectos e licenzas de obra

O máis que probábel atraso nas incorporacións provoca inseguridade nas novas persoas agricultoras

Ao igual que Industria contrata persoal para acelerar os expedientes dos eólicos, a CMR podería incrementar plantilla para apoiar ás labregas

Un ano máis a Consellería do Medio Rural atrasase na tramitación dos Plans de Mellora e Axudas de Incorporación. Aínda por riba, lonxe de asumir responsabilidades, xustifica este atraso no aumento da carga de traballo, o que é como recoñecer que a Consellería do Medio Rural non está preparada para que cada vez máis persoas se incorporen á produción de alimentos.

Esta situación compromete a viabilidade das granxas en cuestións esenciais, como o desenvolvemento de proxectos de obra e solicitudes de licenza asociados -podendo chegar a caducar os xa solicitados- ou a adquisición de maquinaria. No caso de ter xa un crédito para facer o proxecto, ou no de non ter acceso a financiamento, que van facer as granxas se o atraso na resolución das axudas afecta a estes prazos? Ademais, se alguén se incorpora agora pode que logo perda a opción de acceder ás axudas, xa que aínda poden quedar expedientes sen aprobar, cando o dean resolto.

De cara ao 2025

A Xunta debe notificar publicamente cando se lles van resolver os expedientes ás persoas interesadas, e non ter a centos de solicitantes na incerteza. Vai saír a convocatoria para o ano 2025 ou este mal funcionamento que é responsabilidade da CMR vai implicar que centos de persoas mozas queden sen estas axudas que son vitais para a súa incorporación? Tendo en conta que Galicia é o territorio do Estado español con menos superficie agraria útil, debería ser obxectivo prioritario da Consellería impulsar a actividade agraria, tanto executando correctamente o procedemento de tramitación de axudas como establecendo fórmulas para poder incrementar a porcentaxe de terra dispoñíbel.



Non é de recibo que se tente xustificar esta demora, así como o feito de que a convocatoria das axudas para o vindeiro ano estean neste momento comprometidas, nunha cuestión perfectamente factible para unha Consellería como é a contratación do persoal requirido para levar adiante as súas funcións, en lugar da sobrecarga á que está á someter ás traballadoras e aos traballadores públicos. Para contratar persoal a maiores para dedicalo a cuestións como acelerar a tramitación dos polígonos industriais eólicos a Xunta de Galicia non ten ningún tipo de dificultade, por que no caso das labregas e dos labregos xa non só non se esforza por ser máis eficaz se non que nin tan sequera resolve en prazo?

Dificultades para as mozas

“O sistema para tramitar as axudas falla, non cumpre os obxectivos, e ano a ano temos a mesma incerteza”, lamentou Brais Álvarez, apicultor e responsábel da Secretaría da Mocidade no SLG. “Ademais, a tramitación electrónica de procedementos á que obrigou a Administración pública, que debería mellorar a xestión, realmente esta empeorándoa, con consecuencias como a dificultade para dar cobertura ás necesidades das incorporacións das persoas mozas”.

Resulta inconcibíbel que a CMR pretendara facer unha convocatoria desta dimensión a través do programa Melles cando este xa non foi funcional o ano pasado. De feito

presentou eivas técnicas dende o inicio do seu funcionamento: erros, datos mal cargados, datas incorrectas, dificultade ou mesmo imposibilidade para modificar arquivos precargados...

Ademais destes problemas presentes en todos os trámites, no caso concreto das solicitudes de mellora e incorporación, a data límite de xustificación do primeiro pago das realizadas no 2023 e aprobadas no 2024 consta na aplicación cunha data que é un mes máis tarde da data límite real de xustificación. Obviamente isto crea inseguridade tanto ás solicitantes como ás tramitadoras e ás funcionarias que validan os expedientes, conscientes de que o que di a aplicación non é coincidente coa realidade, facendo que tanto a fase de solicitude como a de tramitación se converta nun calvario para todas.... Menos para a conselleira.

Neste contexto, procesos que deberían ser sinxelos e amábeis para as persoas labregas que se incorporan e as funcionarias que fan o acompañamento dilátanse no tempo, coa conseguinte preocupación para unhas e saturación de carga de traballo para as outras. Instamos á Consellería a reflexionar e asumir os graves prexuízos que esta situación está a crear tanto para as persoas solicitantes como para o persoal da Administración traballa con estes expedientes.

“A día de hoxe trátase de vender unha falsa imaxe de dixitalización, pero a realidade evidencia que aínda non estamos preparadas. A CMR é capaz de comprometer as incorporacións de centos de mozas, os plans de melloras de centos de granxas e a empeorar as condicións de traballo do persoal público por tentar dar a través dos medios de comunicación unha imaxe de administración supostamente modernizada? O sistema non funciona nin para solicitantes nin para administrativas. Os cargos responsábeis na Consellería deberían corrixilo. Queremos máis incorporación e menos burocracia. Máis persoas nos servizos públicos e menos máquinas. Queremos xente coa que falar, non máquinas coas que pelexar”, instou Brais Álvarez.

LÍDIA SENRA RODRÍGUEZ ▶ (A Pobra do Brollón, 1958), labrega de horta ecolóxica en Vedra. Secretaria Xeral do SLG dende 1989 até o 2007, Secretaria de Organización dende o 2007 até o 2014 e unha das principais precursoras da creación da Secretaría das Mulleres do SLG-CCLL. Foi a primeira muller en ocupar o máximo cargo de representación non só nunha organización agraria galega, senón tamén de todo o Estado español, así como unha das primeiras a nivel europeo. Tamén foi unhas das tres primeiras labregas en formar parte do Comité Coordinador da Coordinadora Europea Vía Campesina (1993-1996) e integrante da Comisión Internacional de Mulleres de La Vía Campesina durante o período 2004-2014.

“O SLG foi pioneiro na Galiza e tamén no Estado na reivindicación da figura da titularidade compartida para as granxas familiares”

✓ Lidia, ti fuches unha figura esencial no Sindicato Labrego Galego dende a segunda metade da década dos setenta, e Secretaria Xeral nun período de fortes mudanzas socioeconómicas, marcado pola reconfiguración produtiva á que obrigou a entrada na Unión Europea no ano 1986 e polo inicio e consolidación da globalización do neoliberalismo. Que liñas de loita destacarías daquela altura?

Nesta etapa o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas desenvolve unha intensa actividade a nivel nacional e internacional. Podemos salientar a forte loita desenvolvida na consolidación do dereito a producir en todos os sectores, pero fundamentalmente no leite.

Se na etapa anterior a reivindicación fundamental era a loita contra a cota do leite, nesta foi contra a penalización por producir por enriba da mísera cota asignada nas negociacións de adhesión do Estado ao Mercado Común Europeo. O SLG foi unha peza clave nas mobilizacións na rúa, na intensa actividade institucional e en promover as alianzas necesarias do sector lácteo a nivel de país para frear a aplicación da “super-taxa”.

Foi destacábel tamén o debate sobre a necesidade do establecemento dentro das políticas agrarias de prezos mínimos que ademais de cubrir os custos de produción remuneraran dignamente o traballo das labregas e dos labregos. Tamén foron anos de traballo duro e mobilizacións para conseguir a representatividade institucional, destacando a intensa e dura campaña electoral para o Consello Regulador de Ternera Galega. E de debates entre os Sindicatos e coas administracións, que confluíron nas eleccións a Cámaras Agrarias Provinciais nas que o SLG obtivo moi boa presenza, incluíndo a Presidencia da de Lugo e a Vicepresidencia da de A Coruña.



Lidia Senra no Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego o pasado marzo en Chantada.

✓ No ano 1990, un ano máis tarde de ser elixida Secretaria Xeral, constitúese a Secretaría das Mulleres do SLG, converténdose nunha das primeiras organizacións agrarias europeas en contar cunha área específica para impulsar a loita das mulleres labregas. Como foi o contexto no que se iniciou este traballo e que repercusións tivo para o Sindicato?

Nesta etapa a nivel de toda a organización traballamos a análise en clave de xénero da aplicación das políticas agrarias e da Seguridade Social. A Secretaría das Mulleres nace a inicio dos anos noventa da necesidade de facer fronte á forte discriminación das mulleres labregas no ámbito profesional no marco da chamada

“explotación agraria familiar”.

A desigualdade de dereitos plasmábase claramente nos derivados da Seguridade Social ou nos derivados da titularidade das explotacións. A Secretaría constitúese como un espazo imprescindible para a análise do impacto sobre as labregas das políticas agrarias, e tamén como o espazo de organización das mulleres para canalizar as reivindicacións e traballar a nivel interno para deconstruír o relato dominante en canto a que a participación nos espazos públicos e na toma de decisións da organización era “cousa de homes”.

Como resultado da creación da Secretaría, a nivel organizacional podemos destacar que o SLG foi pioneiro na Galiza e tamén no Estado na reivindicación da figura da titularidade compartida para as granxas familiares como elemento imprescindible para o recoñecemento dos dereitos no ámbito profesional das labregas.

Foi moito o conseguido, dende o apoio económico para a incorporación de moitas labregas á Seguridade Social, até algunha pequena medida de acción positiva no reparto de cota láctea e finalmente o establecemento da titularidade compartida por Lei. O traballo desenvolvido na Secretaría das Mulleres tamén posibilitou aprobar no ano 2007 a paridade ao cincuenta por cento nos órganos de dirección do Sindicato.

✓ A década dos 90 é tamén a da creación do movemento labrego internacional La Vía Campesina, na que o Sindicato Labrego Galego estivo dende a súa fundación no 1993, e que a día de hoxe está integrado por 180 organizacións de 81 países ao longo de todo o planeta, abrangendo arredor de 200 millóns de persoas produtoras de alimentos. Como xorde e se consolida esta alianza labrega internacional?



Membros do Consello da CPE (Coordinadora Labrega Europea) xunto con Rafael Alegría (Voceiro do Comité de Coordinación Internacional da Vía Campesina) expresan a oposición do campesiñado fronte á Organización Mundial do Comercio (OMC). Imaxe tomada na década dos noventa.

“O SLG sempre entendeu que a supervivencia das labregas e dos labregos pasaba por establecer alianzas entre iguais para confrontar ao verdadeiro inimigo: a agricultura industrial e as corporacións transnacionais”

O SLG sempre entendeu que a supervivencia das labregas e dos labregos pasaba por establecer alianzas entre iguais para confrontar ao verdadeiro inimigo: a agricultura industrial e as corporacións transnacionais, por iso tamén foi unha das súas prioridades a participación no traballo de articulación e mobilización a nivel internacional.

No marco dos debates sobre a Ronda de Uruguay (1986-1994), moitas organizacións labregas do mundo vimos a necesidade de constituír un instrumento que nos dera voz fronte as políticas de globalización que tamén afectaban moi duramente ao campesiñado mediante as políticas agrarias e os acordos no ámbito da licitación pública e no comercio de servizos e o seu impacto nos servizos públicos. Naquela altura, eran ONGs de diferente tipo e intereses as que falaban no nome do campesiñado.

Desta necesidade nace a Vía Campesina, como un movemento labrego internacional que aglutina a organizacións agrarias que representan a millóns de labregos e labregas de todos os continentes que loitamos pola supervivencia da agricultura labrega, por unha alimentación sa e suficiente, polo dereito a producir os alimentos básicos das nosas poboacións, pola priorización dos mercados locais e de proximidade e porque aqueles produtos que sexan obxecto de comercio internacional teñan regras, que non supoñan hipotecar a terra necesaria para a producir a alimentación nos países onde se produzan, que remuneren dignamente a quen os produce e que non destrúan aos labregos e labregas dos países nos que se vendan. Todos estes dereitos foron englobados na que hoxe é a principal reivindicación da Vía Campesina: a Soberanía Alimentaria,

que se lanzou ao debate público no ano 1996 no marco do cumio da alimentación en Roma.

✓ Ese foi tamén un período moi marcado polo duro xiro neoliberal das políticas agrarias a nivel europeo, ao fío da imposición global dun modelo agroindustrial de produción de alimentos. Como se posicionou o Sindicato Labrego Galego?

A posición do Sindicato Labrego Galego foi clara en contra da entrada no Mercado Común Europeo. Dende moi cedo iniciáronse contactos con outros sindicatos agrarios de Estados xa membros que cuestionaban a política agraria europea. Todo isto desembocou na participación do SLG na constitución da Coordinadora Labrega Europea (CPE) da que fomos unha parte moi activa e que nos permitiu aportar ao debate europeo e enriquecernos del. Podemos destacar nesta etapa o debate da reforma MacSharry da Política Agraria Común (PAC) do 92, que foi a primeira reforma da PAC a gran escala e que supuxo o inicio da desregulamentación e o abandono da política de garantía de prezos mínimos para dar lugar a unha política de falsa compensación nas rendas.

O obxectivo desta reforma foi abrir as portas para facilitar as negociacións de libre comercio a nivel mundial. En 1994, acadouse o acordo da Ronda de Uruguay do GATT (acordo e aduanas e comercio) coa creación da Organización Mundial do Comercio (OMC) como un instrumento público ao servizo das multinacionais que marcaría pautas de política agraria para facilitar a liberalización do comercio de alimentos en todo o planeta.

Outro fronte aberto nesta etapa, a nivel

Europeo, foi a loita para impedir as sementes e os alimentos xenéticamente modificados. A CPE participou moi activamente nesta loita organizando debates, charlas, mobilizacións e formando parte dunha gran rede denominada GENET que estudaba esta tecnoloxía a todos os niveis. Na Galiza o SLG organizou o primeiro debate sobre esta tecnoloxía no ano 1999 e sería unha parte moi activa en estender o debate e contribuír na organización de mobilizacións con diferentes colectivos, sobre todo do eido medioambiental.

✓ Dende a túa experiencia na loita social, non só no sindicalismo agrario, senón en múltiples ámbitos de reivindicación dos dereitos humanos e sociais, como observas o contexto actual?

Actualmente estamos nun momento moi perigoso para a sociedade no que a vulneración dos dereitos humanos e dos dereitos e liberdades fundamentais estámolo vendo día si e día tamén. Por exemplo no nivel internacional estamos asistindo a un proceso de negociación para establecer un acordo internacional vinculante sobre pandemias a través do cal a Organización Mundial da Saúde -financiado ao 80% por entidades privadas como a Fundación Bill e Melinda Gates- terá todas as competencias para ditar políticas e medidas nese ámbito que serán de obrigado cumprimento.

Por outro lado, occidente no seu afán por seguir roubando os recursos dos pobos do Sur está levando a que os nosos gobernos detraian diñeiro dos nosos impostos para incrementar o gasto militar e apoiar as guerras da OTAN, como a que están levando a cabo contra Rusia a través de Ucraína ou como o xenocidio do ente sionista israelí contra o pobo palestino. Logo din que non hai diñeiro para mellorar as pensións, nin para mellorar as políticas do benestar ou os servizos públicos...

Creo que nin os partidos políticos institucionalizados nin a inmensa maioría das organizacións sociais están analizando nin preocupándose polo que todo isto supón a todos os niveis: perda do dereito a decidir mediante a imposición de políticas dende institucións supranacionais e supraestatais, perda de dereitos e liberdades individuais e colectivas, impacto na economía....

Para min consentir no seu momento que a xestión do coronavirus ultrapasara as medidas de saúde está tendo un custo inmenso e vai facer falla moita pedagogía, moita consciencia, moita organización e moita loita para que os poderes públicos non sigan lexislando para o gran capital e en contra dos dereitos humanos.

ESCOLA FEMINISTA ▶ O Sindicato Labrego foi a organización anfitroia na Galiza dun encontro global de mulleres labregas da Vía Campesina Internacional

Escola Feminista da Coordinadora Europea Vía Campesina e da rexión árabe e norteafricana

Abordamos a historia deste movemento labrego, os retos para o futuro e estratexias para avanzar nos dereitos das mulleres

Dende o 27 de setembro até o 2 de outubro o SLG foi a organización anfitroia da Escola Feminista de Mulleres Labregas da Rexión árabe e norteafricana de La Vía Campesina (ARNA) e da Coordinadora Europea Vía Campesina (ECVC), que se celebrou en Vilarmajor (A Coruña).

Un total de 23 labregas representantes de 15 organizacións, acompañadas dunha equipa técnica internacional tamén integramente composta por mulleres, abordamos ao longo destes cinco días cuestións como a historia das articulacións das mulleres nas rexións ARNA e ECVC; os retos e puntos fortes das nosas organizacións fronte á realidade actual, o reforzo das prioridades rexionais e interrexionais e os vindeiros pasos de cara ao futuro.

A través da posta en común das labregas norteafricanas e europeas, participantes chegadas de Palestina, Marrocos, Túnez, Bélxica, Gran Bretaña, Países Baixos, Austria, Francia, Georgia, Alemaña, Irlanda, Euskal Herria, Galiza e distintos puntos do Estado español afondamos na identificación de múltiples problemáticas comúns das mulleres, transversais a todas as culturas, e deseñaron estratexias para afrontalas adaptábeis aos diversos contextos.



Imaxe das participantes na Escola Feminista de Mulleres Labregas que tivo lugar do 27 de setembro ao pasado 2 de outubro.

Suliñamos que as problemáticas en canto os dereitos profesionais e sociais e en canto mulleres son as mesmas nas distintas rexións e zonas (acceso a terra, vivenda, cotizacións, titularidade, etc) e tamén destacamos a necesidade de articulación, de termos espazos de convivencia, militancia e de propostas co fin de seguir tecendo redes e facendo campañas de visibilización a través do movemento internacional Vía Campesina.

A lóxica patriarcal do sistema capitalista provoca a discriminación nas políticas agrarias e dificultades para acceder á terra, agravando as súas violencias a través do racismo e o cla-

sismo. Facer fronte a estas barreiras, así como desenvolver estratexias que permitan a xestión cotiá da tripla xornada de traballo -produción, crianza e militancia política-, son algúns

dos retos comúns das mulleres produtoras de alimentos a nivel global identificados neste encontro.

Algunhas fotografías das actividades da Escola Feminista en Vilarmajor.



OS SÍMBOLOS

Os símbolos son moi importantes na loita do movemento labrego mundial La Vía Campesina. Identificánnos coas nosas organizacións e unificánnos no noso compromiso de traballar xuntas na oposición ás distintas violencias, na construción dun mundo que poña a vida no centro. Unha vida en paz, con soberanía alimentaria para os pobos, feminista, anticapitalista, antifascista, sen racismo nin discriminacións, xusta. Estes foron tamén obxectivos fortalecidos durante a Escola Feminista da Rexión árabe e norteafricana de La Vía Campesina (ArNa) e da ECVC - European Coordination Via Campesina- que tivemos a ledicia de levar adiante do 27 de setembro ao 2 de outubro en Vilarmaior (A Coruña).



GRUPOS DE TRABAJO

En grupos de traballo e sesións plenarias avanzamos nas estratexias de loita polos nosos dereitos como mulleres e como labregas, así como para impulsar a agroecoloxía e avanzar cara a Soberanía Alimentaria dos pobos, comprometéndonos tamén a aumentar esforzos para apoiar ao pobo palestino fronte ao xenocidio do Estado de Israel.

En canto ao traballo coas labregas, unha das actividades dentro do programa da escola continental de mulleres de La Vía Campesina da rexión europea e da rexión árabe e norte de África foi a visita ao proxecto Bieiteiras de As Pontes (A Coruña). A compañeira Cynthia compartiu con nós a historia desta granxa agroecolóxica na que producen unha gran variedade de hortalizas en ecolóxico e realizan diferentes tipos de elaborados, como marmeladas, patés, zumes... empregando as instalacións do obradoiro compartido A Fusquenlla de San Sadurniño. Un exemplo real de persoas que escolleron quedar no rural e levan adiante os seus proxectos de vida como e onde soñaron.



Campaña a prol da saúde laboral das mulleres labregas



Traballa segura

Campaña para reducir os riscos laborais e enfermidades profesionais das mulleres do sector agrario



Para máis información, contacta co teu local do
Sindicato Labrego Galego de referencia



sindicato
labrego galego
comisións labregas



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

Mulleres no Agro: Unha loita diaria contra os riscos laborais

A sinistralidade e as enfermidades profesionais afectan ás traballadoras do sector agropecuario, un colectivo vulnerable que esixe maior protección e recoñecemento.

O sector agropecuario, un pilar fundamental da nosa economía, esconde unha realidade preocupante: as mulleres que traballan nel enfrontan riscos laborais que comprometen a súa saúde e benestar. Segundo a Organización Internacional do Traballo (OIT), o sector agrícola é un dos sectores con máis riscos laborais, só superado pola minaría e a construción. Este sector caracterízase por unha alta porcentaxe de traballadores temporais e a frecuente participación de familiares nos traballos. As mulleres, a pesar de representar unha porcentaxe menor da forza laboral neste sector, teñen unha taxa de incidencia de enfermidades profesionais e accidentes laborais significativa e require unha atención urxente.

Un problema invisible

A invisibilidade das mulleres no campo contribuíu a que os seus problemas laborais queden relegados a un segundo plano. A miúdo, as súas tarefas son consideradas como unha extensión dos labores domésticos, o que dificulta o recoñecemento dos riscos a que se expoñen e a aplicación de medidas de prevención adecuadas. Como consecuencia, as traballadoras non reciben a compensación nin a protección adecuada por parte das mutuas ou da seguridade social. A lexislación vixente mostra unha preocupante falta de atención á especificidade do sector agrario e, dentro deste, ás particularidades da muller labrega.

A realidade das traballadoras autónomas

Moitas labregas son traballadoras autónomas, unha condición que agrava a súa precariedade. A idea de que, por seren autónomas, poden organizar o seu tempo con flexibilidade non se corresponde coa realidade diaria do agro, onde os ritmos de traballo veñen marcados polas necesidades da terra e os animais. “Malo será” que non atopen tempo, adoitan escoitar estas traballadoras, ignorándose que moitas das súas tarefas non poden pospoñerse. Este concepto erróneo invisibiliza o seu esforzo e subliña a falta de protección para un colectivo que debe realizar traballos pesados, a miúdo sen dereitos básicos de conciliación nin protección adecuada en caso de enfermidade ou accidente. Existe unha gran división entre o traballo produtivo e o reprodutivo, valorizando só o primeiro e menosprezando o segundo. No caso das labregas, moitos dos proxectos están localizados no lugar onde residen, o que leva a que as súas actividades sexan vistas como unha extensión do traballo doméstico. Esta percepción fai que o seu labor non teña o recoñecemento necesario e, polo tanto, non se considere que poidan sufrir enfermidades ou accidentes laborais.

Riscos laborais con impacto particular nas traballadoras do sector agropecuario

As labregas enfrontan diversos riscos que afectan de xeito desproporcionado a súa saúde:

- Pesticidas, fertilizantes e outros produtos químicos utilizados en limpeza ou desinfección son compañeiros constantes no traballo agrícola. A exposición a estes tóxicos, especialmente durante o embarazo e a lactación, pode ter consecuencias devastadoras, desde problemas reprodutivos e endócrinos ata enfermidades neurolóxicas e mesmo cancro. Ademais, o manexo de substancias cáusticas e corrosivas, como ácidos e álcalis, supón un risco adicional. Queimaduras, lesións oculares e problemas respiratorios son algunhas das graves consecuencias que poden sufrir estas mulleres, especialmente vulnerables debido á súa participación diferenciada en certas labores e ás súas características fisiolóxicas.
- Levantar e transportar cargas pesadas, manexar animais de gran tamaño, adoptar posturas forzadas e realizar movementos repetitivos son parte da rutina diaria no agro. Este traballo físico esixente pasa factura, especialmente ás mulleres, máis propensas a sufrir lesións musculoesqueléticas debido a que as cargas e ritmos de traballo, adaptados ao “traballador medio”, non consideran as diferenzas anatómicas e fisiolóxicas, un exemplo son os mandos dos apeiros, maquinarias e instalacións como a altura das salas de muxido,... que están deseñados para as condicións físicas dos homes, o que incrementa os riscos para as mulleres, que son máis propensas a sufrir dores de costas, lesións

nas articulacións e problemas crónicos.

- O ruído e as vibracións da maquinaria agrícola, a miúdo subestimados, representan un risco significativo para a saúde das mulleres no sector agropecuario, afectando desde a audición ata a saúde reprodutiva. En granxas de leite, por exemplo, o ruído do proceso de muxido pode superar os límites recomendados, afectando especialmente ás mulleres embarazadas, causando problemas auditivos e estrés, con posibles repercusións na saúde materno-fetal.
- As mulleres adoitan estar máis involucradas en tarefas que implican un contacto próximo con animais, como o coidado de gando, a cría de aves de curral ou o manexo de explotacións gandeiras pequenas. Esta maior exposición aumenta o risco de sufrir accidentes como mordeduras, picaduras, rabuñadas, cornadas ou couces. As infeccións transmitidas por animais, como a toxoplasmosis ou a brucelose, poden ter graves consecuencias para a saúde reprodutiva das mulleres, afectando á fertilidade, ao embarazo ou á lactación.
- As condicións ambientais extremas, como a calor, o frío e a humidade ou a radiación solar, tamén pasan factura, causando deshidratación, insolación, hipotermia e outras enfermidades e afecta especialmente as mulleres durante o embarazo.
- As longas xornadas laborais, a presión por cumprir prazos, o illamento social, a discriminación e a precariedade laboral contribúen ao estrés e a ansiedade, afectando a saúde emocional e psicolóxica das traballadoras. Estudos publicados na Revista Española de Saúde Pública (García et al., 2018) indican que as condicións laborais poden influir na saúde das mulleres durante a menopausa, sinalando que aquelas con traballos fisicamente demandantes ou en contornos de estrés poderían enfrontar unha menopausa precoz debido á disrupción da función ovárica.

É hora de actuar

A situación das mulleres no sector agropecuario require unha resposta urxente. Non se trata só de implementar medidas preventivas, senón de recoñecer as súas necesidades específicas como traballadoras. É unha obriga legal recoñecer o labor que realizan, así como os riscos laborais e as enfermidades asociadas, garantindo a protección adecuada e os dereitos laborais que lles corresponden.

Medidas urxentes para protexer e recoñecer o seu traballo:

- É fundamental avanzar en estudos sobre os riscos laborais específicos que afectan ás mulleres labregas. A creación de sistemas de vixilancia epidemiolóxica permitiría recoller datos precisos, detectar enfermidades profesionais e mellorar a prevención. Ademais, é necesario establecer recoñecementos médicos periódicos e específicos, con atención á saúde reprodutiva, incluíndo exames xinecolóxicos e de prevención de enfermidades zoonóticas. Isto facilitaría a detección precoz de problemas e permitiría proporcionar o recoñecemento e compensación axeitados.
- Os postos de traballo deben ser avaliados e adaptados, especialmente para as mulleres embarazadas ou lactantes. Actualmente, obter unha baixa por “Risco no Embarazo” é un proceso complexo. Simplificar este procedemento é clave para garantir a protección das traballadoras e os seus fillos, asegurando que non estean expostas a condicións perigosas.
- As instalacións deben ser adaptadas para facilitar o manexo seguro de animais e minimizar riscos, con especial atención ao uso de equipos de protección individual (EPIs) adaptados ás características físicas das mulleres. Elementos como cascos, luvas antivibratorias, protectores auditivos e calzado ergonómico son esenciais para reducir o risco de lesións. Ademais, o uso de maquinaria máis silenciosa e ben mantida pode axudar a reducir os efectos nocivos do ruído e as vibracións.
- O coñecemento é unha das mellores ferramentas de prevención. As mulleres labregas deben recibir formación continua sobre os riscos específicos que enfrontan, así como sobre as medidas preventivas e os seus dereitos laborais, incluíndo información sobre saúde reprodutiva e lactación.
- Proporcionar horarios flexibles, permisos de maternidade e paternidade, así como servizos de gardería, é crucial para mellorar a conciliación laboral e familiar. Tamén é importante establecer descansos regulares para evitar a fatiga e o estrés térmico, especialmente en condicións de calor ou frío extremos, garantindo a hidratación axeitada

- As mulleres labregas deben contar con programas de apoio psicosocial, como asesoramento e grupos de apoio, que lles permitan previr e abordar os riscos psicosociais derivados do illamento, a presión laboral ou a discriminación.
- Finalmente, promover a igualdade de xénero no sector agropecuario é esencial, combatendo a discriminación e a violencia de xénero e favorecendo o empoderamento das mulleres neste ámbito.

Un futuro máis xusto e seguro

O camiño cara a un futuro máis xusto e seguro no sector agropecuario galego pasa necesariamente polo recoñecemento e a valorización do papel fundamental das mulleres que traballan nel. Asegurarles condicións de traballo dignas e equitativas non só é unha cuestión de xustiza social, senón tamén un investimento estratéxico no desenvolvemento sostible da agricultura. A protección da saúde e seguridade das labregas é un dereito fundamental, e o seu cumprimento é responsabilidade compartida entre persoas empregadas, traballadoras e autoridades. É imperativo visibilizar as dificultades que enfrontan e, máis aínda, actuar decididamente para mellorar as súas condicións laborais. Desde a avaliación e adaptación de riscos específicos (especialmente para mulleres embarazadas ou lactantes), ata a provisión de Equipamentos de Protección Individual (EPIs) adecuados á fisionomía feminina, é necesario por en marcha medidas que prioricen a seguridade e o benestar das nosas labregas. Ademais, a formación e información continua sobre os riscos laborais e os dereitos das mulleres, xunto coa promoción de políticas de conciliación, son pasos imprescindibles cara á equidade.


Avanzar na visibilidade e o recoñecemento legal destas mulleres non só contribuirá á xustiza laboral, senón que tamén fortalecerá o sector agropecuario no seu conxunto, garantindo un contorno de traballo máis seguro e xusto para todas. O futuro da agricultura galega depende da saúde e o benestar dos que a fan posible. Por iso, protexer ás traballadoras agrarias debe ser unha prioridade ineludible para tódolos actores involucrados.

É hora de esixir e protexer os dereitos das labregas, asegurando un mañá máis equitativo e sostible!

Acometer unha transformación real na protección dos dereitos das labregas e unha lexislación en materia de prevención de riscos laborais que se adapte ás peculiaridades do noso territorio, recoñecendo a realidade do traballo rural na Galiza, garantirá un futuro máis equitativo e sostible. Non abonda con cumprir a normativa estatal; convén que esta sexa sensible ás particularidades dun contexto marcado pola dispersión xeográfica, o illamento e a escaseza de recursos.

As políticas de prevención non poden seguir sendo deseñadas desde unha perspectiva urbana e masculina. Deben axustarse ás condicións reais das mulleres que traballan no rural galego, moitas veces ignoradas a pesar de seren o auténtico motor das granxas. O recoñecemento da súa labor e a adaptación das normativas aos desafíos que enfrontan é clave para mellorar a súa calidade de vida e fortalecer o sector no seu conxunto.

Asegurar un marco normativo que responda a estas necesidades é unha responsabilidade colectiva que non pode ser adiada.



TRABALLA SEGURA

Campana a prol da
saúde laboral das
mulleres labregas



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN



sindicato
labrego galego
comisións labregas



Secretaría
das mulleres
sindicato labrego galego

DEREITOS LABREGOS ▶ Composta por 28 artigos, a Declaración das Nacións Unidas é un instrumento estratéxico para fortalecer as loitas e propostas dos movementos rurais

Declaración das Nacións Unidas sobre os Dereitos dos Labregos e das Labregas e doutras Persoas que traballan nas Zonas Rurais

Dende 1993, por medio de La Vía Campesina, millóns de persoas que viven en áreas rurais advertiron ao mundo do desastre. Despois dunha década de mobilizacións e loita para contrarrestar a crecente expansión do capital internacional, La Vía Campesina propuxo e iniciou unha campaña a prol dun instrumento legal internacional para a defensa dos dereitos dos pobos aos seus territorios, sementes, augas e bosques.

Durante 17 longos anos, labregas e labregos, traballadoras e traballadores, pescadoras e pescadores e pobos orixinarios de Asia, África, as Américas e Europa negociaron con paciencia e persistencia dentro e fóra do Consello de Dereitos Humanos da

Organización das Nacións Unidas, compartindo as súas historias de expropiación e desolación. Este proceso de negociación serviu como catalizador e permitiu abordar a campaña con maior vigor.

O 18 de decembro de 2018, estes esforzos finalmente deron o seu froito e a Asamblea Xeral da Organización das Nacións Unidas adoptou a Declaración da ONU de dereitos de labregos e outras persoas que traballan en áreas rurais (UNDROP, polas súas siglas en inglés). Esta Declaración non só considera ás labregas e aos labregos como meros "suxeitos de dereito".

Tamén reconece ás labregas e aos labregos e ás persoas que habitan zonas rurais

como axentes fundamentais para superar as crises. Esta Declaración das Nacións Unidas é un instrumento estratéxico para fortalecer as loitas e propostas dos movementos rurais. Ademais, senta unha xurisprudencia e unha perspectiva xurídica internacional para orientar a lexislación e as políticas públicas e todos os niveis institucionais en beneficio das que alimentan o mundo.

O núcleo céntrase no dereito á terra, ás sementes e á biodiversidade, así como en varios dereitos colectivos ancorados na Soberanía Alimentaria. Está composta por 28 artigos (que imos amosando nos Fouces), correspondéndose o sétimo ao dereito á liberdade de circulación.

ARTIGO 7: LIBERDADE DE CIRCULACIÓN

1. Os labregos e as labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais teñen dereito, en todas partes, ao recoñecemento da súa personalidade xurídica.

2. Os estados adoptarán medidas apropiadas para facilitar a liberdade de circulación dos labregos e das labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais.

3. Os estados adoptarán, cando sexa necesario, medidas apropiadas para cooperar con miras a solucionar os problemas de tenza transfronteirizos que afecten aos labregos e ás labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais que crucen fronteiras internacionais, de conformidade co artigo 28 da presente Declaración.



PLANTÁMONOS ▶ Do 17 ao 20 de outubro máis de 200 persoas de 50 colectivos xuntámonos para construír unha axenda colectiva que impulse a produción agroecolóxica

Allariz acolleu o segundo encontro anual do movemento estatal a prol da Soberanía Alimentaria “Plantámonos”

A través de formacións, grupos de traballo e roteiros, denunciaremos os impactos territoriais da agricultura e a gandería industriais

Dende a tarde do xoves 17 de outubro até o mediodía do domingo 20, o movemento estatal Nos Plantamos/Plantámonos -integrado polo Sindicato Labrego Galego, Amigas da Terra Galiza e outras organizacións de todo o Estado- celebrou a súa segunda reunión anual en Allariz (Ourense).

Entre os obxectivos deste encontro destacaron a construción dunha axenda colectiva do movemento, a identificación de estratexias de denuncia dos impactos territoriais da agricultura e a gandería industriais, así como poñer sobre a mesa a agroecoloxía no marco da Soberanía Alimentaria como alternativa á agroindustrialización da produción de alimentos.

Canda formacións en materia de comunicación e estratexias de mobilización e acción, as participantes articuláronse en grupos de traballo sobre temas específicos, como as loitas territoriais na defensa dunha alimentación sa e saudábel para as persoas e o medio ambiente ou as ameazas sistémicas que dificultan o avance dos modelos de produción agroecolóxicos.

Asemade procedeuse tamén a analizar a estruturación interna do movemento para avanzar no seu fortalecemento.

Outra Limia é posíbel

Logo dunha fin de semana marcada pola formación e arti-



Imaxe dalgunhas das participantes no segundo Encontro Plantámonos/Nos Plantamos que tivo lugar do 17 ao 20 de outubro.

culación interna, a segunda xuntanza do movemento estatal Nos Plantamos/Plantámonos finalizou o pasado domingo 20 de outubro cunha xornada protagonizada por un roteiro reivindicativo pola comarca da Limia titulado “Outra Limia é posíbel”.

O grupo partiu da Torre da Pena -dende onde se pode observar unha panorámica do que foi a lagoa de Antela-, guiados polas explicacións do galego Serafín González -científico do CSIC estatal e presidente da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)-, que leva anos denunciando a contaminación por nitratos na Limia, elevando mesmo esta denuncia a institucións europeas, que constataron a existencia de prácticas ilegais na comarca.

De feito, xa no ano 2017 a propia Unión Europea notificou ao Estado español a apertura dun procedemento de infracción

da Directiva sobre nitratos (Directiva 91/676/CE do Consello) argumentando que “España non controla as súas augas de maneira efectiva, comprometendo a súa capacidade para revisar as zonas vulnerábeis aos nitratos e avaliar a eficacia dos programas de acción, limitando

así a eficacia da lexislación”.

A lagoa de Antela foi un espazo de grande valor ecolóxico, non só para a fauna -nomeadamente aves-, senón que tamén con presenza humana e unha significativa actividade agrícola e gandeira, grazas precisamente á existencia desa zona húmida.



Isabel Vilalba, Secretaria Xeral do SLG, nun momento do roteiro en Ponte Liñares.



Arriba, durante o conversatorio Movemento Labrego con representantes dalgunhas das organizacións. Abaixo, no traballo grupal de ameazas e loitas dos territorios.



Non faltou o baile nin a foliada nesta edición. Contamos cun obradoiro de baile tradicional e co concerto de Toma de Terra que amenizaron a xornada reivindicativa.



A desecación da mesma foi unha intervención destrutiva discurrida dende a lóxica agroindustrial, que non só non conseguiu reverter nin deter a perda de poboación na comarca, senón que ademais causou graves danos ambientais e deu lugar a un tipo de agricultura insustentábel no tocante ao emprego de auga e fertilizantes.

Tamén afectou ao coidado do solo, xa que desecar a lagoa deu lugar a unha grande superficie de terra areosa e pobre en materia orgánica, para practicar unha agricultura allea ao tradicional equilibrio co gando e o monte dos que se obtiña o esterco para os cultivos. Ademais, logo desta desecación instaláronse unha grande cantidade de granxas intensivas, principalmente avícolas e de porcino, que supuxeron un novo golpe á auga en forma de sobreconsumo e contaminación debida á inxente cantidade de residuos xerados por esta actividade.

Mentres esta destrución medraba e se apoderaba do territorio, pequenas producións labregas diversificadas e iniciativas agroecolóxicas e de protección ambiental resistiron coidando da terra e achegando ás mesas alimentos sans, nutritivos, sustentábeis, de calidade.

O roteiro reivindicativo finalizou en Ponte Liñares, onde se fixo fincapé no baixo caudal e o grao de contaminación da auga deste río. Alí o gandeiro do SLG Samuel Formoso achegou a perspectiva labrega sobre a problemática da Limia e do modelo agroindustrial, así como a alternativa que ofrece a agroecoloxía. Intervíñeron tamén Isabel Vilalba, Secretaria Xeral do SLG, e Manuel García, labrego e ecoloxista perseguido no seu día por Coren a causa do seu activismo na defensa da terra e a auga na Limia.

O obxectivo desta visita foi, por unha parte, visibilizar os impactos da agroindustria a través do exemplo da comarca da Limia e, por outra, pór en valor que tamén hai producións labregas e agroecolóxicas que

funcionan noutra lóxica.

Coincidindo co Encontro pola soberanía alimentaria de Plantámonos/Nos Plantamos en Allariz, activistas de diferentes colectivos achegáronse ás instalacións de Coren en Ourense para esixir unha transición agroecolóxica e denunciar o impacto da industria agrogandeira. As activistas despregaron pancartas nas inmediacións e devolveron á empresa 300 litros de puríns. A agroindustria destrúe e meteunos en múltiples problemas que hoxe coñecemos como crise ecolóxica global, crise enerxética, despoamento rural, agrotóxicos, perda de solo fértil, dificultade de acceso a auga doce potábel...

Transición agroecolóxica xa!

En Plantámonos reivindicamos que a saída a estes problemas pasa por transformar o sistema agroalimentar en chave agroecolóxica: desintensificar, extensificar, reducir agrotóxicos, relocalizar a produción, transformación e comercialización de alimentos. Pór a andar unha transición agroecolóxica co compromiso de todos os niveis de goberno e a implicación cidadá, porque a transición ecolóxica da que escoitamos falar tanto ultimamente non se producirá sen reconsiderar un elemento central como o sistema agroalimentario.

Reiteramos que é a agricultura familiar e social baseada na agroecoloxía a que dá cohesión social e vida ás zonas rurais, a que coida da biodiversidade agraria que produce alimentos sans e sostíbeis, e a que se desenvolve baixo un modelo agroalimentario socialmente xusto e sustentábel, con perspectiva feminista e asentado en bases de economía social e solidaria.

Sobre ese modelo de produción e consumo debe centrarse o desenvolvemento de sistemas alimentarios, para que realmente sexan sostíbeis e resilientes ante a crise ecosocial, climática e de biodiversidade que si está a causar os verdadeiros problemas do campo.

Axuda de compensación por destrución de planta afectada por praga de corentena

Aberto o prazo até o **15 de novembro** das axudas de compensación por destrución de planta afectada por praga de corentena. Obxecto: compensar as perdas causadas aos

proprietarios, derivadas da aplicación de medidas fitosanitarias para a prevención e erradicación de pragas fitosanitarias (código de procedemento **MR465A**).

Axudas para os gastos notariais e de inmatriculación rexistral

Aberto o prazo das axudas para os gastos notariais e de inmatriculación rexistral de predios agroforestais obxecto de permutas

de especial interese agrario até o **15 de novembro** (código deste procedemento **MR709B**). Máis información no local SLG.

Axudas á reposición de animais

Aberto o **prazo até o 29 de novembro** das axudas para a compra de animais das especies bovina, ovina e cabrú que teña por obxecto a reposición de efectivos, naquelas granxas rexistradas na Galiza en que se ordenou o sacrificio de animais destas especies, tras o diagnóstico dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actua-

ción sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación; tamén se incluírán os casos de animais desas especies que morresen neses marcos sanitarios oficiais citados, e os casos de morte/sacrificio deses animais como consecuencia dun programa oficial obrigatorio de vacinación (código de procedemento **MR550A**).

Compensacións complementarias por sacrificio de animais en saneamento

Aberto o **prazo até o 29 de novembro** das axudas de compensacións complementarias en granxas de gando bovino, ovino e cabrún: Período de postautorización á reintrodución (código de procedemento **MR553B**); e das

axudas de compensacións complementarias en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún: Período de baleiro (código de procedemento **MR553A**). Para máis información, contacta co teu local do SLG-CCLL.

Axudas por indemnización por sacrificio de animais en saneamento

Aberto o **prazo até o 29 de novembro** das axudas por indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de pro-

gramas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación das súas enfermidades (código procedemento **MR553C**).

Axudas para facilitar o financiamento da adquisición de uva

Aberto o prazo até o **16 de decembro** das axudas para facilitar o financiamento da adquisición de uva polas adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de

orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas (código do procedemento **IG408F**). Para máis información, contacta co teu local do SLG-CCLL.

Compra - Venda - Troco

Véndese

-Tractor Same de 120 CV en bo estado. Barreiros en funcionamento. Zona de Friol ☎982 183 019

Véndese

-Tanque de leite da marca Serap, de 3500 litros. Gorgullos - Tordoia ☎636 705 285 (Elisardo)

Véndense

-Ovellas de boa raza. ☎986 689 486 (Ana)

Véndese

-Casa con finca en Sobrado dos Monxes ☎635 503 763

Véndense

-Esterco
-Ovos para casas e restaurantes. ☎981 446 501

Alúganse

-Cortes e fincas en Cabanas ☎981 446 501 (Rosa ou Javier)

Véndese

-Can de palleiro auténtico (Víctor) ☎676 26 84 64

Véndese

- 2,5 hectáreas de herba para segar. Bo acceso. Boa calidade. Económicas. ☎625 814 050 (Jose Manuel - Concello de Betanzos)

Véndese

-Xuntador de herba Kuhn de 4 metros de Xunta
-Pinza cortadora de Ternias
-Estendedor de herba Zona de Carballido (Lugo) ☎653 641 823

Véndese

-Abonadora VICON de tractor ☎637 545 179 (Luz)

Véndese

-Muíño de auga de dimensión 10 por 10. Bo estado, con 1ha de terreo xunto ao muíño
-Xatos e xatas de limousin (pais con carta) A 10km de Lugo ☎690 774 565

Véndese

-Tractor EBRO Super 55 funcionando en Figueiras (Mondoñedo) (Lisardo) ☎648 74 20 87

Véndese

-Tourro raza ANGUS de 4 anos
-Segadora Marca CAMON ☎690 77 45 65 (José)

Véndese

-Vacas por xubilación. Rubia Galega, mansiñas e con cría, algunhas delas marcadas na CRUGA ☎676 196 243

Véndese

-Venda directa de carne de xato. Canais, medio canal, cuartos, e lotes de 10kg. Gallega Suprema. Servizo a domicilio en calquera punto de Galiza ☎676 196 243

Véndese

-Sala de muxido marca Westfalia de 6 puntos.
-Tanque do frío de 1300 L monofásico e lavado automático
-Cisterna bebedoiro de fibra con bomba de carga ☎690 83 05 41

Véndese ou alúgase

-Véndese ou alúgase con dereito a compra, nave de 1400m² a 25 km de Santiago. Prezo interesante ☎634 409 255 (Elena)

Véndese

-Millo para ensilar na zona de Doroña, Vilarmaior. 3ha aproximadamente ☎660 221 250

Véndese

-Cisterna seminova de 6000 L marca Romay coa ITV pasada na zona de Betanzos (Javier) ☎600 830 624

Véndese

- Arado antigo de bois ou vacas en bo estado para exposición. Prezo a concordar (zona de Meira) ☎662 471 382

Véndese

-Tanque de frío de 200 litros ☎662 323 867 (Manuela)

Véndese

-Amasadora de pan eléctrica de aceiro inoxidable
-Forno de leña sen usar Monfero (Angélica) ☎680 277 044

Véndese

-Casa en Alto Xestoso con palleiro e terreo ☎608 895 684

Véndese

-Ovellas (zonas Cabanas) ☎981 446 501

Regálase

Mastín Español de 11 mesesO Val (Narón) ☎616 082 871 (Manuel)

Véndese ou trócase

- Véndese autocargador ou trócase por maquinaria ou animais ☎689 752 400

Véndese

-Rotovator marca Masqui de 2,5 mts de ancho con rodillo hidráulico, con barras helicoidales
-Vertedera marca Overum, de tres palas
-Cultivadores de 2,7 mts de ancho ☎650 019 275 (Zona da Limia)

Véndese

- Silo de 8000 kg
-Grade de discos de 18 discos
-Segadora rotativa class 2700
-Moto BMW 650 (Zona de Castroverde) ☎617 65 53 20

Véndese

-Vacas de leite (por separado)
-Tanque de leite Serap de 2.550 litros con lavado automático (Monfero) ☎666 861 530

Véndese

-Fresadora no concello de Tordoia ☎657 365 726

Véndese

-Tractor Pascual con remolque e arado Muras (As Pontes) ☎677 136 104

Véndese

-Vacas de leite e becerras de recría na zona de Meira ☎680 870 957

Véndese

-Enroladora, taladros e rotativa de 4 discos ☎981 44 65 01 (José María) Zona de Cabanas

Véndese

-Arado de vertedera (marca Ebro de 2 palas) ☎650 019 275

Véndese

-Autocargador
-Extendedor
-Bertolina
-Sulfatadora ☎626 686 509 (Zona de Portomarín)

Véndese

-Microsilos de millo (rulos) no concello de Ordes. ☎650 149 217

Véndese

-Desbrozadora de cadeas 1.45 de ancho por 1.6 de longo ☎604 028 980 (Jesús-Zona de Melide)

Véndese

-Empacadora Massey Fergusson 124E ☎629 851 614

Véndese

-Tractor agrícola (marca LAMBORGHINI). Modelo 1050 VDT (Zona de Allariz) ☎988 44 02 57

Alúgase

-Establo e fincas Véndese esterco ☎981 446 501

Búscase

-Peón agro-gandeiro para granxa láctea no Concello de Monfero ☎646 878 067

Búscase

-Peón agrícola para granxa de leite en Monfero ☎646 626 492

Alúgase

-Establo libre e fincas ☎981 446 501 (Cabanas)



Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese
-Tanque de frío de leite 3600L Westfalia
-Rotativo BOVINO-AUTO-CARGADOR
-Tanque de frío de leite 500L Frigolait
-Silos para penso 8000kg con SINFIN 5500KG
☎610 362 674

Véndese
-Rolos de Silo
-Bañeira de leite 1.200 litros, JAPY
-Motor de muxido SAT 1000
☎646 60 11 81
(María Jesus)

Véndese
Por xubilación:
-Tractor New-Holland 6080 grade rotativa
-Feraboli 3m de traballo
-Sala de muxido de 4 puntos con medidores Alfa-Laval
-Tanque de frío do leite de 1000l
-Xerador de corrente de 32 cadeas para tractor (Antonio Ríos Castiñeiras, de Trazo)
☎696 818 012

Véndese
-1 silo de penso de 2000kg
☎982 31 21 09 (José)

Véndese
-Rolos de herba seca e/ou silos.
Zona de As Nogais (David)
☎600 81 96 73

Véndese
- 50 ovellas ecolóxico (A Limia)
☎686 864 735

Véndese
- Batedor de purín con botella de inclinación
- Sementador de patacas de 2 regos seminovo
- Arrastrador con batería (150€)
- Tractor Renault Super 7 con documentación. En bo estado, rodas novas, dirección asistida e saída de hidráulico dobre efecto (2500€)
☎606 508 189
(Miguel, Láncara)

Véndese
-18 Rolos de herba seca.
-Silo de 16m x 6m.
-3 xovencas frisoas.
☎636 915 510
(José Antonio, Calde)

Véndese
-Estendedor e hilerador de herba seca
☎680 926 816 (Pilar)

Véndese
-Xovencas preñadas (3 e 6 meses)
☎667 001 553
(Monfero)

Véndese
-Becerros Limousin
☎685 884 257
(Javier, Lugo)

Véndese
-Campeva de 5 coitelos (con documentación)
-Desinsiladora CORVAR con poldro hidráulico
-Cuba de leite Alfa-Laval trifásica de 1.600 Litros
☎606 697 157

Véndese
-Leña para biomasa
☎670 895 789

Véndese
-Castrón adulto (2 anos) para recría. Saneado. Criado en liberdade con pasto natural.
Na zona de Corme (Ponteceso)
☎659 932 481

Véndese
-Viño do país branco e tinto. ☎986 689 486 (Ana)

Véndese
-Tractor Lamborghini 80CV dobre tracción (2004)
-Rotativa de 1,85m
☎667 469 962

Véndese
-Cociña de leña
-Caldeira de leña
☎649 369 179
(Ponteareas)

Véndese
-Remexedor de purín con articulación hidráulica
☎678 132 156 (Vilalba)

Véndese
-Tubeira, motor de descarga e motor de vacío de tres puntos de sala de muxido
-Desensiladora Kuhn
-Tractor Ebro 160 para repostos
Véndese por separado e acéptanse ofertas
☎646 073 487
(José, Monfero)

Véndese
-Silo de ferro con capacidade de 25 toneladas preparado para cal viva
-Grade de discos de 16x24.
☎630 561 310 (Friol)

Véndese
-Tenreiro Limousin puro para reprodutor
☎606 739 438
(Alejandro)

Véndese
-Alpacas pequenas
☎619 267 520

Véndese
-2 muíños eléctricos, 1 pastor eléctrico en lote de malla electricada (9 rolos) uns usados, outros sen usar.
☎677 564 691
(Mondoñedo)

Véndese
-Casa no lugar de Parada de Ribeira, a 3 km. de Xinzo de Limia.
Amoblada e lista para vivir. Bo prezo.
☎678 616 746 (Paco)

Véndese
-1.5 ha de millo para ensilar no concello de Abegondo (prezo de mercado) ☎619 267 520

Véndese
-Skoda Fabia de 68 CV TDI, Diesel. Ano 2007 e 212.000 km.
☎692 979 686

Véndese
-Motocultor Pasquali Modelo 968.02. Inclúe remolque con tracción, desbrazadora, fresadora e arado.
-Motozada Jet 505 HR.
-Motor Honda 5.5 con fresadora e arado
☎605 908 585

Véndese
-Sala de muxido Full Wood, de catro puntos, monofásica
-Tanque de leite Japy 1.200 litros, monofásico
☎690 779 973 (Oroso)

Véndese
-Tractor SAME de 120 cv, con dobre tracción e con turbo. En perfecto estado. Zona Friol
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese
- Coche Peugeot 309 do ano 90. ITV até xaneiro do 2025 ☎680 926 816 (Pilar)

Véndese
-Cargador rotativo da marca Rotomorra por falta de uso. (Antonio).
☎680 385 068 (Ordes)

Véndese
Vacas e novillas por peche de granxa. Zona de Carballido (Lugo, Antonio)
☎616 74 52 24

Véndese
-Véndese carro mestura-
dor arrastrado horizontal Tatoma con fresa de dez metros de 2010.
Ideal para unha granxa de 50 vacas a a 70 en muxido. En bo estado, rodas novas e aceites recen cambiados. (Jose Ramón)
☎639 683 278

Véndese
-Empacadora pequena marca Class, no Concello de Oza Cesuras.
☎646 753 984 ou 981 196 224 (Mónica)

Véndese
-Grupo halógeno para tractor
-Revolvedor do purín
-Resinsiladora
-Xuntador de herba
-Extendedor de herba (Zona de Meira. Prezo a convir) ☎982 330 623 // 662 471 382

Véndese
-Casa para restaurar con terreo de 3000 m. No concello de Láncara, zona Carballal, prezo negociábel. :
☎606 5081 89 (Miguel)

Véndese
-Autocargador
-Extendedor
-Bertolina
-Sulfatadora
Zona de Portomarín
☎626 686 509

Véndese
-Grade de discos de 16
-Unha desinsiladora (Zona de A Pastoriza)
☎649 310 981

Véndese
-Tanque de frío marca ALFA LAVAL para 430 litros e catro muxiduras
-Rolos de silo desta campaña
-Segadora de man marca ALFA, modelo A-100
☎689 601 768 (Emilio)
Chamar a partir das 15:00

Véndese
-Boi (4 anos) grande e manso. A 8 km de As Pontes. ☎600 830 624

Véndese
-Máquinas de limpar
-Muíño eléctrico
No Corgo (Manuel, Lugo)
☎648 718 864

Véndese
-Rolos de herba seca en Lugo. (Andrés)
☎646 665 896

Véndese
-60 bolos de silo e 30 de herba seca en Sobrado
☎677 752 829

Véndese
-27 tubos de Formigón, seminovos. Diámetro 40.
-Apeiros de tracción animal (babalo) carro, arado e grade, etc.
-Bidón de 1000L aceiro inox de viño, ideal para o mel (seminovo)
-Muxidora de caldeira, co motor.
Zona de Melide
☎651 99 55 03

Véndese
-Cisterna purín Cisca nova galvanizada 5000l compresor 2800l capacidade.
Zona de Melide.
☎604 028 980

Véndese
-Cadeira de cabalo con agarradeiras
-Becerro Limousin (ambos pais con carta)
☎690 774 565

Véndese
-Encintadora de brazo
☎620 576 908
(Monfero)

Véndese
-Tractor John Deere de 82 CV e dobre tracción en bo estado
☎647 916 031 (José)

Véndese
-Tractor Deutz Fahr. Agratom K 110
- Cisterna Carruxo de 8000L
- Rotativo Bonino AB-45TR
- Rotoempacadora Deutz Fahr GP-2.30 (malla e fío)
- Sulfatadora Aguirre 1EQP600
- Abonadora Vicon 1000KG
- Rastrillo Hilerador Kuhn GA-3501-GM
- Rastrillo Esparcidor e Hilerador New Holland 254
- Rotativa Disco Class 2.60 de corte
- Desensiladora Trioliet TU170
- Ordeñadora Westfalia 6 puntos con retirada
- Rulo 2.40Mts
-Encintadora Volvo
☎625 180 903 (Jose Luis)

Alúgase
-Cuadra para gando vacún no lugar de Trazo Km 6, Numide - Tordoa
☎680 926 816 (Pilar)

Alúgase
-Granxa de leite con cortes vellas, novas e fincas. En Reboredo (Frades). Dispón de rodadeira, sala de muxido, sala de espera, etc.
-Tamén hai posibilidade de mercar o gando existente na granxa actualmente ☎628 829 199

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Para realizar calquera modificación do anuncio, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical.

A Consellería do Medio Rural (CMR) avanzou a aprobación dunhas axudas que non abarcan nin gastos veterinarios, nin abortos, nin baixadas de produción. Dende o Sindicato Labrego Galego reiteramos que as axudas ás granxas gandeiras deben cubrir todos os casos nos que estivo a Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE). Ademais, insistimos en que a Consellería do Medio Rural (CMR) debería tamén valer as probas no caso de animais tratados polos clínicos.

A Xunta deixa sen axudas a moitas ganderías afectadas pola Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE)

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, e o delegado territorial da Xunta na provincia, Manuel Pardo, reuníronse o pasado 2 de outubro con Asaga e Unións Agrarias. O Sindicato Labrego Galego, que fomos a única organización agraria que estivemos denunciando os problemas da Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE) nestes últimos meses (neste Fouce incluimos unha cronoloxía das reivindicacións que levamos facendo dende hai meses) e demandando axudas e medidas, non foi convocado a esta xuntanza. “Se cadra como nós pedimos que cubran todos os gastos



derivados das perdas, abortos, baixadas de produción etc, non lles interesa oír. É incríbel que non cubrindo estas cuestións básicas aínda se atrevan a declarar que pode que lles sobren cartos entre o que aporta o Ministerio e o que cofinancia a co-

munidade”, apuntou a Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, a gandeira Isabel Vilalba. “Polo que adiantaron non só non van pagar este tipo de perdas, senón que só van cubrir os casos nos que se sangrasen aos animais e desen positivo.

Isto é descoñecer, ou obviar, as situacións ás que nos estamos tendo que enfrontar as ganderías, comezando polo feito de que no seu día os veterinarios oficiais non daban chegada ás granxas para sangrar e a xente moitas veces viuse obrigada a recorrer aos clínicos como puido, ao que hai que engadir que logo hai moitos atrasos nos laboratorios”.

Reiteramos que as axudas ás granxas gandeiras deben cubrir todos os casos nos que estivo a enfermidade. Insistimos en que a Consellería debería tamén valer as probas no caso de animais tratados polos clínicos.

Xornada de loita pola paz en Palestina



O pasado 27 de setembro o Sindicato Labrego concentrouse, un día máis, en solidariedade co pobo palestino e contra a barbarie que está a cometer o goberno de Israel. Fixémolo poñendo o foco no control dos alimentos e na destrución estratéxica de cultivos e recursos mariños: Israel utiliza a fame como arma. A loita do pobo palestino pola soberanía alimentaria está interconectada coa loita pola súa soberanía nacional. Dende o Sindicato Labrego Galego esiximos o cese inmediato do asalto israelí á Franxa de Gaza e Cisjordania, así como da súa actitude belixerante con outros países da contorna. As accións de Israel contra a poboación palestina, en extrema situación de vulnerabilidade, non deben quedar sen resposta. Corresponde á comunidade internacional aplicar medidas restritivas e esixir responsabilidades ao Estado xenocida de Israel polos seus crimes contra a humanidade.



AS CIDADES E O RURAL XUNTAS CONTRA O CAPITAL